

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 28 de XUÑO de 2013**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 28 de xuño de 2013, ás DOCE horas.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 5/13, do 31 de maio.

2.-Toma de coñecemento das Resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.601 á nº 10.800, de 2013.

3.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representantes da Deputación en organismos.

4.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data do Pleno ordinario do mes de xullo.

5.-Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos deputados ás Comisións Informativas.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

6.-Aprobación do convenio co Auditorio de Galicia para financiar o Programa de actividades culturais do ano 2012.

7.-Aprobación do convenio coa Federación Galega de Fútbol para financiar a adquisición de equipamento informático para o seu uso polo Comité Galego de Entrenadores de Fútbol no ano 2012.

8.-Aprobación do convenio coa Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar a catalogación e informatización de fondos no ano 2013.

9.-Aprobación do convenio coa Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o Programa de actividades do ano 2013.

Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo

10.-Aprobación do convenio de colaboración dentro do Plan director de comercio entre a Deputación e a Asociación de Comerciantes e Profesionais Noia Histórica para financiar as actividades “Pink Fashion Night de Noia, Rúas Vivas, e Feira do Comercio”.

11.-Aprobación do convenio de colaboración dentro do Plan director de comercio entre a Deputación e a Federación de Empresarios do Barbanza para financiar as actividades “Campaña Comercial Nadal 2012”.

12.-Aprobación do convenio de colaboración dentro do Plan director de comercio entre a Deputación e a Asociación Boirense de Empresarios e P. Autónomo para financiar as actividades “Campaña de Verán Rasca e Gaña”.

13.-Aprobación da ampliación dos prazos para as obras de “Soterramento dos cables de abastecemento eléctrico e de telecomunicación do mercado municipal de Muros” do programa de modernización dos mercados locais dentro do Plan director do comercio.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Carballo para financiar o proxecto “Plan de acción de promoción económica do concello”.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) para financiar as “Accións de información, difusión, formación, estudos e promoción”.

16.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar as actividades “Feira do encaixe. Ano 2013”.

17.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar as actividades de “XXX Mostra Olería de Buño. Ano 2013”.

18.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Santiago de Compostela para financiar as actividades “Plan de competitividade turística 2013”.

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Ordes para financiar as actividades “Organización da feira de exposicións. EXPOORDES”.

20.-Aprobación do convenio de colaboración ente a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Autónomos de Galicia para financiar as xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas emprendedoras da provincia da Coruña.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

21.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Camariñas para financiar as obras de pavimentación da travesía da Esquipa.

22.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Bergondo para financiar os traballo de cartografía municipal.

23.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de San Sadurniño para financiar as obras incluídas no proxecto de equipamento integral do Pazo da Marquesa.

24.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Zas para financiar as obras incluídas no proxecto de mellora de pistas municipais.

25.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Noia para financiar o proxecto do Polígono Irmáns Labarta consistente na apertura da Rúa Pintor Xenaro Carrero cara á estrada de Barro.

26.- Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Noia para financiar o proxecto do Polígono Irmáns Labarta consistente na urbanización exterior e apertura da rúa Pintor Xenaro Carrero.

27.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Ribeira para financiar as obras incluídas no proxecto de acondicionamento de local municipal para sindicatos na rúa Estatuto, 1ª fase.

28.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 10655, do 7 de xuño de 2013, relativa á formalización de convenios co novo municipio Oza-Cesuras, como consecuencia da fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras.

29.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de ARES para financiar as obras de reforma da planta baixa de edificio municipal para centro de maiores.

30.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de BOIRO para financiar as obras incluídas no proxecto de gradas cubertas nos campos de fútbol de Vista Alegre.

31.-Aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de Curtis para financiar as obras de Plan de mellora de seguridade viaria no Concello de Curtis 2102, 1ª fase.

32.-aprobación de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o traballo de investigación denominado “Realización dun barómetro

de xestión municipal e desenvolvemento dun indicador sobre o impacto do investimento público nos índices de cobertura de servizos municipais”.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

33.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2013, 1ª fase, que se detalla: mellora da seguridade viaria na DP 0605 Santa Irene a Ponte de San Xusto PK 3+195 a 4+065 Toxa (Touro).

34.-Aprobación da modificación do proxecto modificado do de travesía na EP 3109 Vilaboa a Peiro por Tarrío PK 0,000 ao 3,120 (1ª fase). Culleredo (0511300017.0).

35.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2013 primeira fase que se detalla: Mellora da seguridade viaria senda peonil na DP 4307 Malpica a Ponteceso PK 1+080 ao PK 1+350 (Malpica). 1311700001.0.

36.-Aprobación do proxecto reformado de ensanche, mellora de trazado e afirmado da EP 0512, O Birloque-Arteixo (A Coruña) e aprobación da relación de fincas e superficies e valoracións dos bens afectados.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

37.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Camiño do Castro á Igrexa (Leira) e outros” do Concello de Ordes, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0107.0.

38.-Aprobación da modificación do prego de prescricións técnicas da subministración denominada “Subministración de dous vehículos para prestación de servizo público” do Concello de Cariño, incluída na 3ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos”. Código 2012.3280.0155.0.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

39.-Aprobación da adaptación do acordo plenario do 21.12.2007, regulación interna dos horarios de traballo do persoal da Deputación Provincial da Coruña, ao disposto na Resolución da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do 28.12.2012, de instrucións sobre xornada e horarios de traballo.

40.-Aprobación de prestación da asistencia sanitaria e farmacéutica polo sistema da Seguridade Social. Funcionarios de carreira e interinos integrados (en activo no 31.03.1993).

41.-Aprobación de adaptación temporal da regulación da permanencia do persoal da Deputación no servizo activo e as súas prórrogas, por razóns organizativas derivadas da planificación do emprego público.

42.-Aprobación da adaptación da denominación do Plan de emprego específico de reestruturación da Área de Organización e Sistemas e de integración nel do actual Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

43.-Aprobación das instrucións para a aplicación dos complementos de incapacidade temporal debida a continxencias profesionais e comúns, e nas situacións de maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

44.-Aprobación do proxecto PARNET-TIC 2, presentado na 4ª convocatoria do programa de cooperación Territorial do Espazo Sudoeste Europeo (SUDOE).

45.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a SOCIEDAD FÚTBOL CLUB TORDOIA, de Xenebra-Suíza, para o financiamento dos seus gastos de funcionamento e actividades do ano 2012-2013.

46.-Informe sobre a xestión presupostaria a 31.05.2013 e proposta de acordo.

Actas

47.-Proposición da Presidencia sobre a renuncia ao cargo da deputada provincial dona Amancia Trillo Lago.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN

-Moción do Bloque Nacionalista Galego contra a minaría salvaxe e contaminante.

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO
28 DE XUÑO DE 2013**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 28 de xuño de 2013, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA	PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 5/13, DO 31 DE MAIO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 5/13, do 31 de maio.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 8.601 Á Nº 10.800, DE 2013.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 8.601 á nº 10.800, de 2013.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA DEPUTACIÓN EN ORGANISMOS.

Por unanimidade, acórdase ratificar a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade a seguinte proposición:

“Don Diego CALVO POUISO, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida á Presidencia pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse, como as contidas na Resolución núm. 15.598, do 3 de outubro de 2012.

Resultando que, consonte co art. 21.5.c) do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado por Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, correspóndelle á Deputación da Coruña, a designación dun vogal na Comisión de Desaugamento da zona Hidrográfica Norte, da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa,

En consecuencia,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear representantes da Corporación aos deputados que se indican no organismo que de seguido se relaciona:

COMISIÓN DE DESAUGAMENTO DA ZONA HIDROGRÁFICA NORTE, DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA-COSTA

Titular: deputado provincial, **don Miguel de Santiago Boullón.**

Suplente: deputado provincial, **don Ramón Tojo Lens.**

Os deputados nomeados polo presente acordo informarán sobre o funcionamento do organismo no que participan en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo deste, sempre que sexan requirido polo Pleno, pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que establece o regulamento orgánico”.

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE XULLO.

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Como dixemos no anterior, votamos en primeiro lugar a inclusión na orde do día deste punto e a proposta, que creo que xa foi informada tamén, inicialmente era para o 23, pero propoñemos para o 31 de xullo, sei que causamos algún problema, non foi querido, e sentímolos moito.

ACORDO

Por unanimidade, acórdase ratificar a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade a seguinte proposición:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril, ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.

Tendo en conta que o xoves, día 25 de xullo, día previo á data prefixada para a celebración do Pleno, é festivo;

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao sétimo mes de 2013 celebrarase o día 31 de xullo, mércores, a partir das doce horas”.

5.-TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 25 de xuño a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE/A SECRETARIO/A	PP	PSdeG-PSOE	BNG
Infraestruturas viarias: Vías e Obras Provinciais 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Perfecto Vázquez Lema Secretario: Luis J. Rodríguez Fernández	José Carlos Calvelo Martínez Begoña Freire Vázquez Manuel Rivas Caridad Manuel Taboada Vigo Antonio Pereiro Liñares	Mariano Iglesias Castro Montserrat García Chavarría Amancia Trillo Lago	Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero
Cultura, Educación, Deporte e Mocidade 18:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: María Elvira Padín Fernández Secretaria: Mercedes Fernández Albalat	Zaira Rodríguez Pérez Manuel Santos Ruiz Rivas Carlos López Crespo José Dafonte Varela Manuel Taboada Vigo	Matilde Begoña Rodríguez Rumbo César Longo Queijo M ^a Carmen Varela Corbelle	Xosé Lois Piñeiro García Silvia María Seixas Naia
Persoal e Réxime Interior 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: Miguel de Santiago Boullón Secretaria: Ana Marcos García	José Carlos Calvelo Martínez Begoña Freire Vázquez Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García Antonio Pereiro Liñares	Julio Ignacio Iglesias Redondo Amancia Trillo Lago Antonio Leira Piñeiro	Xesús Manuel Soto Vivero Adolfo Muíños Sánchez
Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística 18:00 martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Zaira Rodríguez Pérez Secretaria: Sagrario Liaño Pedreira	Manuel Santos Ruiz Rivas Miguel de Santiago Boullón José Dafonte Varela Carlos López Crespo Jacobo Fernández García	M ^a Carmen Varela Corbelle Mariano Iglesias Castro César Longo Queijo	Silvia María Seixas Noia Xosé Lois Piñeiro García
Contratación, Patrimonio e Equipamento 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Carlos Enrique López Crespo Secretario:	José Carlos Calvelo Martínez Begoña Freire Vázquez Manuel Rivas Caridad Jacobo Fernández García	Matilde Begoña Rodríguez Rumbo Julio Ignacio Iglesias Redondo Antonio Leira Piñeiro	Adolfo Muíños Sánchez Xesús Manuel Soto Vivero

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO AUDITORIO DE GALICIA PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO ANO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de 240.000 €, concedida para financiar o *“Programa de actividades durante o ano 2012”*, cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Autorizar a excepcionalidade ao principio de imputación temporal de créditos, con base no interese público das actividades subvencionadas.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o *Programa de actividades durante o ano 2012*”

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Ángel Currás Fernández, presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo disposto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, encomendoulle ao Auditorio de Galicia a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento das fins dispostas na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia (Q1500340C) para financiar o *Programa de actividades durante o ano 2012*, co seguinte contido:

* Música clásica: programación de abonamento, nos meses de xaneiro - xuño e outubro - decembro, coa Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra Sinfónica de Galicia.

* Compostela Rock: ciclo inaugurado no mes de xaneiro, que ao longo de todo o ano reúne en diferentes espazos da cidade a artistas de rock, pop e xéneros afíns.

* Íntimo & Acústico: novo ciclo que comezou no mes de febreiro e que presenta a solistas e grupos en espazos como o Teatro Principal ou a Zona C que permiten un contacto máis próximo co artista.

* Sons: ciclo de difusión das chamadas músicas de raíz que ten lugar dende hai anos durante a primavera e o outono.

* Ciclo de Lied: realízase dende o ano 1999 en colaboración coa Asociación Galega da Lírica.

* Exposición *Unidos pola arte*: selección das obras das coleccións do Concello e do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

* Programación Zona "C": espazo inaugurado no ano 2007 para promover a creación de vangarda e os novos artistas.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

<i>MÚSICA</i>	220.000.-
Programa de música clásica	
Programa abonamento Real Filharmonía	18.000.-
Orchestra Sinfónica de Galicia	45.000.-
Compostela Rock	34.000.-
Íntimo & Acústico	28.000.-
Sons	70.000.-
Ciclo de Lied	25.000.-
 <i>EXPOSICIÓNS</i>	40.000.-
Auditorio de Galicia	10.000.-
Zona "C"	30.000.-
 <i>GÁSTOS COMÚNS ÁS ACTIVIDADES</i>	40.000.-
 <i><u>Total gastos</u></i>	 <u>300.000 €</u>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 240.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2012.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abonamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abonamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O SEU USO POLO COMITÉ GALEGO DE ENTRENADORES DE FÚTBOL NO ANO 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Federación Galega de Fútbol correspondente á subvención nominativa, por importe de 2.000 €, concedida para financiar a *adquisición de equipamento informático para o seu uso polo Comité Galego de Entrenadores de Fútbol no ano 2012*”, cun orzamento subvencionado de 2.500 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Autorizar a excepcionalidade ao principio de imputación temporal de créditos, con base no interese público das actividades subvencionadas.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega de Fútbol para financiar a *adquisición de equipamento informático para o Comité Galego de Entrenadores de Fútbol, realizado no ano 2012*

A Coruña, de de 2013

D.Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. José García Liñares, presidente da Federación Galega de Fútbol.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Federación Galega de Fútbol de colaborar coas actividades desta, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación Galega de Fútbol (NIF: G15055890), para financiar a *adquisición de equipamento informático para o Comité Galego de Entrenadores de Fútbol, realizado no ano 2012.*

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR

A Federación Galega de Fútbol, a través do Comité Galego de Entrenadores de Fútbol adquiriu ao longo do ano 2012 o equipamento, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento

Nº UNIDADES	CONCEPTO	PRECIO UNITARIO	
1	Ordenador, impresora e tableta	Base imponible	2066,11
		IVA	433,89
		TOTAL	2500

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña contribuirá a financiar a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 2.000 € o que representa unha porcentaxe do 80%, que se financiarán con cargo a aplicación orzamentaria 0601/341A/781.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a Federación Galega de Fútbol que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/341A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega de Fútbol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.- Na súa condición de adquirente, correspóndelle á Federación Galega de Fútbol o outorgamento dos contratos de compravenda.

Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega de Fútbol, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe da adquisición supera os 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega de Fútbol deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega de Fútbol.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Galega de Fútbol unha vez que se presente a seguinte documentación:

. Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.

. Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.

. As datas das facturas deberán estar comprendidas dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2012.

. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Federación Galega de Fútbol e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.- A adquisición do equipamento obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, desenvolvéronse ao longo do ano 2012.

2.- Unha vez rematada a actividade a Federación Galega de Fútbol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de dous meses contados a partir da sinatura do convenio.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega de Fútbol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega de Fútbol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55^o6^a das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega de Fútbol na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación Galega de Fútbol terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.- A Federación Galega de Fútbol deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.- A Federación Galega de Fútbol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€ nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á Federación Galega de Fútbol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega de Fútbol poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega de Fútbol queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 55º das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 55º 6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 € Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% da subvención outorgada co límite de 400,00 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega de Fútbol serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega de Fútbol será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos, xa que o equipamento realizouse no pasado ano 2012.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Federación Galega de Fútbol respectivamente.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN BIBLIOTECA DA CASA CONSULADO PARA FINANCIAR A CATALOGACIÓN E INFORMATIZACIÓN DE FONDOS NO ANO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Fundación Biblioteca da Casa Consulado correspondente á subvención nominativa, por importe de 8.000 €, concedida para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2013*, cun orzamento subvencionado de 10.258,38 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2013*.

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe a art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Javier Padín Martínez, presidente da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado é unha entidade fundada por don Pedro Antonio Sánchez Vaamonde, que foi aprobada por Real orde do 2 de xuño de 1803, que ten como fins:

“a) Conservar e incrementar o seu patrimonio histórico e, en especial o valioso fondo bibliográfico, documental, iconográfico e cartográfico constituído orixinariamente por don Pedro Antonio Sánchez Vaamonde e o Real Consulado, así como os subministrados por outros doantes.

b) Facilitar por todos os medios axeitados o coñecemento, estudo e consulta dos ditos fondos.

c) Contribuír polos seus propios medios e colaborar con outras institucións á valoración e conservación do patrimonio cultural e da memoria histórica e, en xeral, ao desenvolvemento e difusión da cultura ao servizo do progreso e a liberación do ser humano, conforme ao espírito que animou toda a vida e obra do seu fundador”.

2.- Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Así mesmo, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

3.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado ten en marcha o proxecto de catalogación e informatización dos seus fondos, de gran interese e valor histórico, polo que a Deputación da Coruña vén de financiar a catalogación e informatización do fondo antigo, do fondo moderno, da colección de publicacións seriadas e folletos da Biblioteca, das estampas en láminas da Calcografía Nacional e dos gravados que se contén en libros a partir de 1498.

4.- Neste contexto e coa finalidade de continuar cos traballos realizados e, coa finalidade de protexer e conservar o patrimonio bibliográfico e documental, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado acordan subscribir o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña (CIF: G15028160) para financiar a *Catalogación e informatización de fondos no ano 2013* no que se catalogarán 1.413 rexistros bibliográficos recibidos a través de diversas doazóns.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

* Catalogación de fondos bibliográficos (6 € x 1.413 rexistros)	8.478,00.-
* IVE 21 %	1.780,38.-
Total	10.258,38 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 8.000 €, o que representa unha porcentaxe do 77,985 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,985 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación dos ingresos obtidos por matrículas.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña na documentación subministrada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan,

entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude previa da Fundación Biblioteca da Casa Consulado da Coruña, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO COA FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL PARA FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO ANO 2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio coa Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades do ano 2013*, cun orzamento subvencionado de 29.063,45 €, de acordo co texto que se achega ao final deste acordo.

2.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2014, autorice o correspondente orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para financiar o *Programa de actividades do ano 2013*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Dna. M^a del Rocío Hermo Echevarrieta, directora da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, en representación dela.

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital constituíuse na cidade de Madrid o día 22 de xaneiro de 2001, fixando a súa sede no Lugar de Outeiro, Artes, no Concello de Ribeira.

3.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital ten por obxecto o desenvolvemento e execución de programas de investigación, estudos, formación, perfeccionamento e cooperación no ámbito da arte, en xeral e na arte gráfica, en particular.

4.- Que a Deputación ten entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia e, entre estes, o apoio a bibliotecas, exposicións e calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- Que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital é titular dunha grande colección de gravados que ten unha especial importancia, non só no aspecto cultural, tamén no aspecto turístico, debido á súa localización nun concello de gran potencial turístico, que ten que completar as súas ofertas de ocio cultural.

6.- Que, consonte co sinalado anteriormente e, de conformidade co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír á realización das actividades e, neste senso, no presuposto para o exercicio do ano 2012 figura unha subvención nominativa para a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, destinada a transferencias correntes a institucións sen fins de lucro, dentro do programa de apoio a entidades culturais.

7.- Que, coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación CIEC, acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital (CIF: G15798168) para financiar o *Programa de actividades do ano 2013*.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Exposición "Homaxe aos gravadores galegos: Manuel Aears"

Comisariado e coordinación	500,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	200,00.-
Montaxe exposición	600,00.-
Enmarcación	2.000,00.-
<i>Importe</i>	<i>3.500,00.-</i>

Exposición "Gonzalo Sarasquete"

Comisariado e coordinación	400,00.-
Tríptico	300,00.-

Montaxe exposición	1.000,00.-
<i>Importe</i>	<i>1.700,00.-</i>
<i>Exposición "Arte Barbanza"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	300,00.-
Tríptico	300,00.-
Montaxe exposición	500,00.-
<i>Importe</i>	<i>1.400,00.-</i>
<i>Exposición "Novos da Arte Barbanza"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	300,00.-
Tríptico	300,00.-
Montaxe exposición	500,00.-
<i>Importe</i>	<i>1.400,00.-</i>
<i>Exposición "Isabel Somoza"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	400,00.-
Montaxe exposición	600,00.-
<i>Importe</i>	<i>1.500,00.-</i>
<i>Exposición "Arte da caricatura e crítica da modernidade"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	200,00.-
Montaxe exposición	600,00.-
Enmarcación	3.200,00.-
<i>Importe</i>	<i>4.500,00.-</i>
<i>Exposición "Emociones de Guaeasamín"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	250,00.-
Tríptico	400,00.-
Montaxe exposición	470,00.-
Enmarcación	2.800,00.-
<i>Importe</i>	<i>4.220,00.-</i>
<i>Exposición "Eclécticismo - Exotismo: Manet - Gauguin"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	350,00.-
Tríptico	193,45.-
Montaxe exposición	600,00.-
Enmarcación	1.600,00.-
<i>Importe</i>	<i>3.043,45.-</i>
<i>Exposición "Proxecto Arte - Ediciones"</i>	
Comisariado e coordinación	500,00.-
Rotulación	350,00.-

Tríptico	200,00.-
Montaxe exposición	500,00.-
<i>Importe</i>	<i>1.550,00.-</i>
<i>Exposición "IV Premio Atlante"</i>	
Comisariado e coordinación	300,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	300,00.-
Montaxe exposición	500,00.-
Enmarcación	1.500,00.-
Carpetas	250,00.-
<i>Importe</i>	<i>3.050,00.-</i>
<i>Exposición "Antolóxica de Rodolphe Schomberg"</i>	
Comisariado e coordinación	200,00.-
Rotulación	200,00.-
Tríptico	200,00.-
Montaxe exposición	400,00.-
Enmarcación	2.200,00.-
<i>Importe</i>	<i>3.200,00.-</i>
<i>Total</i>	<i>29.063,45 €</i>

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe do 68,815 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 68,815 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/480, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe,

xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén

se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2013.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas, polo menos, tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Museo de Artes do gravado á estampa

dixital na documentación subministrada; e se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas

de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizar dende o 1 de xaneiro de 2013.

2.- Logo da solicitude previa da Fundación Museo de Artes do gravado á estampa dixital, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos previos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN DENTRO DO PLAN DIRECTOR DE COMERCIO ENTRE A DEPUTACIÓN E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES “PINK FASHION NIGHT DE NOIA, RÚAS VIVAS, E FEIRA DO COMERCIO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E

PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA para financiar o proxecto das seguintes actividades: *Pink fashion Night de Noia, Rúas Vivas e Feira do Comercio*

2.- A achega provincial disposta neste convenio ascende a un total de 20.000 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 75,26%.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio, con cargo á partida orzamentaria 0305/431B/481.

3.- O texto íntegro do CONVENIO é o seguinte:

"A Coruña, de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso como presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte D. Francisco Pérez Caamaño, en representación da entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA.

EXPOÑEN

1.- Que a Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA CIF G15871189 consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados co comercio e actividades empresariais, de maneira que poida contribuír non só á divulgación das actividades citadas, senón tamén a promover a relación de estudos encamiñados a promoción e fomento do comercio na provincia, atraer clientes e fidelizar os existentes

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique publicidade, promoción e información sobre a promoción das actividades comerciais.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA, CIF G-15326820 para o financiamento das actividades " *Pink fashion Night de Noia, Rúas Vivas e Feira do Comercio*.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E PROFESIONAIS NOIA HISTÓRICA, levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte acos seguintes orzamentos:

CONCEPTO	IMPORTE
PINK FASHION NIGHT:	
Alfombras e montaxe haima	610,65
Carteis, díptico informativos	1.427,80
Rifas sorteo	248,98
Bandeirola, rótulos polipropileno	600,91
Música cabina móbil	944,00
Rotúlos e Photocall	430,70
Agasallo promocional	479,00
Camisetas promocionais tendas	375,74
Inchables e pallasos	540,00
Gominolas	196,56
Gravación e montaxe vídeo	295,00
Bolo Fashion Night	400,00.
Bolo Fashion Night	400,00
Publicidade megafonía	280,80
Publicidade televisión	472,00
Publicidade prensa	354,00
Publicidade prensa	413,00
Publicidade internet	425,98
Publicidade radio	190,81
Publicidade radio	74,34
Nómina de maio	846,85
Seguridade Social	424,87
TOTAL ACTIVIDADE PINK FASHION NIGHT	10.431,99
RÚAS VIVAS:	
Deseño, carteis, díptico e plotters	1.699,20
TOTAL ACTIVIDADE RÚAS VIVAS	1.699,20
FEIRA DE COMERCIO:	
Montaxe carpas, stands, iluminación	9.645,32
Seguridade	859,63
Rotulación	523,92
Publicidade megafonía	280,80
Publicidade TV	330,40
Publicidade internet	118,00
Publicidade internet	109,15
Publicidade radio	118,00
Publicidade radio	181,72
Publicidade prensa	354,00

Publicidade prensa	236,00
Ambientación musical	413,00
Nómina de agosto	846,85
Seguridade Social	424,87
TOTAL ACTIVIDADE FEIRA DE COMERCIO	14.441,66
TOTAL DAS TRES ACTIVIDADES	26.572,85

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000 €, o que representa unha porcentaxe de 75,26% para o orzamento do ano 2012 . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará os importes que representen o 75,26 % da cantidade efectivamente xustificada.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/431B/481

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade ASOCIACION BOIRENSE SE EMPRESARIOS, serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e CONVENIOS da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a entidade ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESARIOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste CONVENIO DE COLABORACIÓN, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de CONVENIOS que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2012, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESARIOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro

de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2013. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESARIOS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente CONVENIO ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeado polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN BOIRENSE DE EMPRESARIOS respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente CONVENIO.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O REPRESENTANTE DA ENTIDADE

Diego Calvo Pouso

Carlos Rodríguez Muñiz

13.-APROBACIÓN DA AMPLIACIÓN DOS PRAZOS PARA AS OBRAS DE “SOTERRAMENTO DOS CABLES DE ABASTECIMENTO ELÉCTRICO E DE TELECOMUNICACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE MUROS” DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DENTRO DO PLAN DIRECTOR DO COMERCIO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Examinados os informes de Promoción Económica e Intervención provincial, conceder un novo prazo ao Concello de Muros para proceder á contratación da obra "Soterramento dos cables de abastecemento eléctrico e de telecomunicación do mercado municipal de Muros 1ª fase correspondente á anualidade 2010-2011.

Prazo para contratar.....31 de xullo de 2013
Prazo para xustificar a execución das obras.....30 de novembro de 2013

2º- Conceder un novo prazo ao Concello de Muros para proceder á contratación da obra "Soterramento dos cables de abastecemento eléctrico e de telecomunicación do mercado municipal de Muros 2ª fase correspondente á anualidade 2012

Prazo para contratar.....31 de xullo de 2013
Prazo para xustificar a execución das obras.....30 de novembro de 2013"

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CARBALLO PARA FINANCIAR O PROXECTO "PLAN DE ACCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO".

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO, CIF P1501900C, para financiar as actividades do "*Plan de acción para a promoción económica do Concello de Carballo*".

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/439A/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do CONCELLO DE CARBALLO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CARBALLO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CARBALLO, CIF P1501900C, para o financiamento do “*Plan de acción para a promoción económica do Concello de Carballo*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CARBALLO levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

PARTIDA ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
INVESTIMENTO EN FORMACIÓN DE EMPRESARIOS E EMPRENDEDORES	Plan de módulos de formación multidisciplinar en 5 bloques	25.950,00 €
CONTRATACIÓN DO COORDINADOR/A DE PROXECTO DE EMPRENDEMENTO INFANTIL	Desenvolver as actividades de estímulo do emprendemento dende a infancia. Coordinación e desenvolvemento das actividades na cooperativa infantil agraria	20.060,00 €
XESTIÓN DE CONTIDOS	Asistencia técnica para o mantemento dos contidos da plataforma nas súas versións para web e smartphones	23.480,00 €
ASISTENCIA A EMPRENDEDORES	Asistencia técnica dunha ADEL para a asistencia e asesoramento dos emprendedores e empresarios	18.010,00 €
TOTAL		87.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa

unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/439A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARBALLO obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CARBALLO o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CARBALLO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARBALLO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARBALLO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE CARBALLO, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 4.- O CONCELLO DE CARBALLO estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARBALLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do 31 de outubro do ano 2013.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CARBALLO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARBALLO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARBALLO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARBALLO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CARBALLO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CARBALLO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O CONCELLO DE CARBALLO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CARBALLO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARBALLO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CARBALLO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro do ano 2013.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CARBALLO non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 30 de novembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CARBALLO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARBALLO, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE DO CONCELLO DE
CARBALLO

DON DIEGO CALVO POUZO”

15.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) PARA FINANCIAR AS “ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, DIFUSIÓN, FORMACIÓN, ESTUDOS E PROMOCIÓN”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), CIF G70199112, para financiar as *“Accións de información, difusión, formación, estudos e promoción”*.”

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 50.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/414B/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Isidro M. Silveira Ree, en representación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

1. Que a Deputación provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) consideran de gran interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente dedicada ao pequeno comercio.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), CIF G70199112, para o financiamento das “*Accións de información, difusión, formación, estudos e promoción*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal coordinador das actividades (salarios e seguros sociais)	20.000,00 €
Publicacións e publicidade empresarial	16.000,00 €
Servizos exteriores (xornadas e seminarios formativos, outros proxectos e actividades promocionais)	18.500,00 €

Outros gastos (gastos estruturais)	8.000,00 €
TOTAL	62.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA,

EUME E ORTEGAL (COFER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, realizáronse entre o 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2012.

2. Unha vez rematadas as actividades a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2012, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da
	CONFEDERACIÓN DE
	EMPRESARIOS DE
	FERROLTERRA, EUME E
	ORTEGAL (COFER)

DON DIEGO CALVO POUSO”

16.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES “FEIRA DO ENCAIXE. ANO 2013”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS, CIF P1501600I, para financiar as actividades da “*Feira do encaixe. Ano 2013*”.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 60.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 58,027 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/334G/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Manuel Regos Boqueta, en representación do CONCELLO DE CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS, CIF P1501600I, para o financiamento da “Feira do encaixe. Ano 2013”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL	
Custo de persoal contratado	11.800,00 €
CAPÍTULO II: GASTOS CORRENTES	
Servizo de aluguer de megafonía da pasarela de desfiles e para o recinto da celebración do Concurso de Baile Rexional	3.180,00 €
Servizo de aluguer de megafonía xeral	3.000,00 €
Servizo de vixilancia	4.300,00 €
Servizo de modelos, coreografía e organización dos desfiles	13.000,00 €
Servizo de reportaxe fotográfico	1.200,00 €
Servizo de restauración	6.000,00 €
Servizo de contratación de diferentes medios de publicidade	8.300,00 €
Subministracións de encaixe para as coleccións dos novos e grandes deseñadores da pasarela de moda	6.500,00 €
Servizo de limpeza	2.420,00 €
Servizo de xerador e acometidas eléctricas	1.400,00 €
Servizo de montaxe de instalacións interiores da Mostra do Encaixe: stands, pasarela, vestiarios, sala de desfiles, enmoquetar chans, etc.	42.300,00 €
TOTAL	103.400,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 58,027 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,027 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/334G/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O alcalde do CONCELLO DE SANTIAGO
DON DIEGO CALVO POUZO”

19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE ORDES PARA FINANCIAR AS ACTIVIDADES “ORGANIZACIÓN DA FEIRA DE EXPOSICIÓNS EXPOORDES”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES, CIF P1506000G, para financiar as actividades na “*Organización da feira de exposición EXPOORDES*”.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 6.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 9,36 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0305/3341/46201.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE ORDES

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, Don Manuel Regos Boqueta, en representación do CONCELLO DE ORDES

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE ORDES, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE ORDES, CIF P1506000G, para o financiamento da “*Organización da feira de exposicións EXPOORDES*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE ORDES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Aluguer de carpas, stands e moqueta, que inclúe montaxe e desmontaxe	48.182,00 €
Aluguer de xeradores de corrente	3.540,00 €
Aluguer de vaías de protección no exterior do recinto feiral	214,76 €

Servizo de vixilancia e seguridade	5.055,12 €
Revista informativa anual sobre Ordes, a exposición e a festa do champiñón	1.700,00 €
Contratos laborais de persoal (limpeza, información...)	2.366,55 €
Actuación musical dun grupo de gaitas	600,00 €
Publicidade	2.418,59 €
TOTAL	64.077,02 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 6.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 9,36 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 9,36 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE ORDES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE ORDES o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE ORDES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE ORDES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE ORDES.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE ORDES unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE ORDES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

5.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

6.- O CONCELLO DE ORDES estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial tiveron lugar os días 27, 28 e 29 de abril de 2012.

2. O CONCELLO DE ORDES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE ORDES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á

perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE ORDES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE ORDES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE ORDES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O CONCELLO DE ORDES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE ORDES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE ORDES poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE ORDES queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE ORDES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE ORDES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2012, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE ORDES non poida ter presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2014. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE ORDES perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE ORDES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN _____ O alcalde do CONCELLO DE ORDES

DON DIEGO CALVO POUZO”

20.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA PARA FINANCIAR AS XORNADAS DIVULGATIVAS SOBRE O APOIO A INICIATIVAS EMPRENDEDORAS DA PROVINCIA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, CIF V15440639, para desenvolver as *“Xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas emprendedoras da provincia da Coruña”*.

2.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 10.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 69,44 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/414B/481.

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de A Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. _____, con DNI núm. _____, en representación da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

1. Que a Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA consideran de grande interese para a provincia impulsar a actividade empresarial, especialmente dedicada ao pequeno comercio.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, CIF V15440639, para desenvolver as “*Xornadas divulgativas sobre o apoio a iniciativas emprendedoras da provincia da Coruña*”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<i>Aluguer de Instalacións</i>	1.000,00 €
<i>Documentación</i>	3.000,00 €
<i>Gastos contratación relatores</i>	3.000,00 €
<i>Edición e deseño gráfico de materiais promocionais</i>	2.500,00 €
<i>Seguros</i>	300,00 €
<i>Publicidade</i>	4.000,00 €
<i>Elementos audiovisuais</i>	600,00 €
TOTAL	14.400,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 69,44 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 69,44 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/414B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, xustificativa do

cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, tiveron lugar durante os meses de outubro e novembro do ano 2012.

2. A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido

respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de outubro do ano 2012 ata o 30 de novembro do ano 2012, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FEDERACIÓN
DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

DON DIEGO CALVO POUSO”

21.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DA ESQUIPA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A)Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Camariñas para financiar as obras incluídas no proxecto de PAVIMENTACION DA TRAVESIA DA ESQUIPA cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) sobre un orzamento subvencionable de 50.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/155A/762.01

Tendo en conta o programa de traballos, e ante a posibilidade de que a execución da obra non se realice dentro deste exercicio, o convenio queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no próximo exercicio orzamentario, xa que noutro caso sería de aplicación o artigo 173.5 do T.R.L.R.F.L. aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE PAVIMENTACION TRAVESIA DA ESQUIPA

A Coruña, _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de CAMARIÑAS, D.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CAMARIÑAS ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CAMARIÑAS con CIF P1501600I para o financiamento da obra de PAVIMENTACION TRAVESIA DA ESQUIPA, tal como aparece definida a mesma no proxecto técnico de execución redactado por JORGE ROURA TRASEIRA

2.O Concello de CAMARIÑAS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CAMARIÑAS, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	_____	34.724,63 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	4.514,20 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	_____	2.083,48 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	_____	8.677,69 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	50.000 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/155A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advérteselle ao Concello de CAMARIÑAS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que exista nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CAMARIÑAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CAMARIÑAS estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CAMARIÑAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de CAMARIÑAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de CAMARIÑAS na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de CAMARIÑAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de CAMARIÑAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento

das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de CAMARIÑAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de CAMARIÑAS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do difeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de CAMARIÑAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CAMARIÑAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CAMARIÑAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CAMARIÑAS

DIEGO CALVO POUSO”

22.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BERGONDO PARA FINANCIAR OS TRABALLO DE CARTOGRAFÍA MUNICIPAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Bergondo para financiar os TRABALLOS DE CARTOGRAFIA MUNICIPAL cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 49,12%), sobre un orzamento subvencionable de 81.433 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/462A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BERGONDO PARA A FINANCIAMENTO DOS TRABALLOS DE CARTOGRAFIA MUNICIPAL

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. _____, alcalde presidente do Concello de BERGONDO

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BERGONDO ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BERGONDO CIF; P-1500800-F para o financiamento dos TRABALLOS DE CARTOGRAFIA MUNICIPAL

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

O presuposto dos TRABALLOS DE CARTOGRAFÍA MUNICIPAL, ascende a cantidade de 81.433,00 euros IVE engadido.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 40.000 €, o que representa unha porcentaxe de 49,12%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,12%, da cantidade efectivamente xustificada.

2.Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/462A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

4.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1 - Coa posibilidade disposta na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2013 ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levala a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro do 2013 tendo efectos retroactivos desde o 1 de xuño de 2013

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE BERGONDO

Diego Calvo Pouso”

23.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE EQUIPAMENTO INTEGRAL DO PAZO DA MARQUESA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de San Sadurniño para financiar as obras incluídas no proxecto de EQUIPAMENTO INTEGRAL DO PAZO DA MARQUESA cunha achega de 110.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) sobre un orzamento subvencionable de 137.500 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/169A/76201

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DO PAZO DA MARQUESA

A Coruña,

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde Presidente do Concello de SAN SADURNIÑO, Don Secundino García Casal,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de SAN SADURNIÑO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de SAN SADURNIÑO, CIF: P1507700A para o financiamento do EQUIPAMENTO DO PAZO DA MARQUESA

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que se achegou polo Concello de SAN SADURNIÑO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 137.500 EUROS.

ACONDICIONAMENTO	28.273,96 €
13% GASTOS XERAIS	3.675,61 €
6,00% BENEFICIO INDUSTRIAL	1.696,44 €
SUMA PARCIAL _____	33.646,01 €
EQUIPAMENTO	79.990,35 €
SUMA _____	113.636,36 €
21% IVE	23.863,64 €
PRESUPOSTO TOTAL _____	137.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 110.000 euros, o que representa unha porcentaxe de 80%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a

entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non for cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e instalación do ben moble.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións.

2.No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial

2.Adquirido o ben, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de

adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

RESPECTO DA SUBMINISTRACIÓN

1. Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:

- persoa adxudicataria,
- importe do contrato
- e prazo de execución.

2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

4. A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.-2 de publicidade.

RESPECTO DA OBRA

1. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
2. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

RESPECTO DA SUBMINISTRACIÓN

1. Certificación acreditativa do pago do ben.
2. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
3. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

RESPECTO DA OBRA

1. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
2. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
5. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
6. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de SAN SADURNIÑO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
7. Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1.A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2.Unha vez realizada a adquisición, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da formalización do contrato e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de

subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na adquisición do moble implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 1 de xuño de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello de SAN SADURNIÑO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá

solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de SAN SADURNIÑO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada o ..

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL
DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

Diego Calvo Pouso

Secundino García Casal”

24.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ZAS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Zas para financiar as obras incluídas no proxecto de MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS cunha achega de 45.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80,00%) sobre un orzamento subvencionable de 56.250,01 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/454A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA A FINANCIAMENTO DA OBRA DE MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de ZAS, D. Manuel Muíño Espasandín

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ZAS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de ZAS con CIF P1509400F para o financiamento da obra de MELLORA DE PISTAS MUNICIPAIS tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por AGROSOFT CONSULTORES, S.L.

2.O Concello de ZAS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa

manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de ZAS, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_____	39.065,22 euros
Gastos xerais 13,00%_____	5.078,48 euros
Beneficio Industrial 6,00 %_____	2.343,91 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO_____	9.762,40 euros
PRESUPUESTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____	56.250,01 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 45.000 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00%.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, os tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/454A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de ZAS de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe nel a dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de ZAS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, o Concello de ZAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de ZAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de ZAS estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de ZAS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
 - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de ZAS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro prepagable
- 3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de ZAS na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de ZAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de ZAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de ZAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de ZAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de ZAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de ZAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de ZAS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Concello de ZAS queda sometido aos procedementos de

fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCÍON CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de ZAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2.Para o caso de que o Concello de ZAS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de ZAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de ZAS, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE
PROVINCIAL DA CORUÑA ZAS

DIEGO CALVO POUZO”

25.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE NOIA PARA FINANCIAR O PROXECTO DO POLÍGONO IRMÁNS LABARTA CONSISTENTE NA APERTURA DA RÚA PINTOR XENARO CARRERO CARA Á ESTRADA DE BARRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O Servizo de Patrimonio e Contratación propón a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de NOIA para financiar o proxecto do Polígono Irmáns Labarta consistente na apertura da rúa Pintor Xenaro Carrero cara á estrada de Barro, cun orzamento de 190.364,97 euros e cunha achega provincial de 115.356,17 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 60,60 %) con cargo á partida 0202/155A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA PARA A FINANCIAMENTO DA REALIZACION DOS PROXECTOS DO POLIGONO IRMANS LABARTA CONSISTENTE NA APERTURA DA RUA PINTOR XENARO CARRERO CARA A ESTRADA DE BARRO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Rafael García Guerrero, alcalde presidente do Concello de Noia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Noia ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia con CIF P-1505800A, para o financiamento dos proxectos do polígono Irmáns Labarta, neste caso o consistente na apertura da rúa Pintor Xenaro Carrero cara a estrada de Barro , tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por don Torcuato Gómez Gómez, arquitecto técnico municipal.

2.O Concello de Noia, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de xeito e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Noia, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	132.207,08
GASTOS XERAIS	17.186,92
BENEFICIO INDUSTRIAL	7.932,42
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	33.038,55
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	190.364,97

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 115.356,17 euros, o que representa unha porcentaxe do 60,60 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,60%, da cantidade

efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/155A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Noia o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.No procedemento de contratación, ao Concello de Noia axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de Noia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Noia estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixo constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Noia pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- i. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- i. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- i. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ii. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Noia, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Noia na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Noia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de Noia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Noia para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Noia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de Noia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de Noia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Noia poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, O Concello de Noia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses.

Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 ^{DEL.}

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 ^{DEL.} Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 ^{DEL.} E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 ^{DEL.}

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Noia serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Noia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá

exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Noia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Noia, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE NOIA

DIEGO CALVO POUZO

Rafael García Guerrero”

26.- APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE NOIA PARA FINANCIAR O PROXECTO DO POLÍGONO IRMÁNS LABARTA CONSISTENTE NA URBANIZACIÓN EXTERIOR E APERTURA DA RÚA PINTOR XENARO CARRERO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O Servizo de Patrimonio e Contratación propón a formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación provincial e o Concello de NOIA para financiar o proxecto do Polígono Irmáns Labarta consistente na urbanización exterior e apertura

da rúa Pintor Xenaro Carrero, cun orzamento de 111.231,86 euros e cunha achega provincial de 67.401,13 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 60,60 %) con cargo á partida 0202/155A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NOIA PARA A FINANCIAMENTO DA REALIZACION DOS PROXECTOS DO POLIGONO IRMANS LABARTA CONSISTENTE NA URBANIZACIÓN EXTERIOR E APERTURA DA RÚA PINTOR XENARO CARRERO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Rafael García Guerrero, alcalde presidente do Concello de Noia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Noia ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Noia con CIF P-1505800A, para o financiamento dos proxectos do polígono Irmáns Labarta, neste caso o consistente na urbanización exterior e apertura da rúa Pintor Xenaro Carrero , tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por don Torcuato Gómez Gómez, arquitecto técnico municipal.

2- O Concello de Noia, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase

susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Noia, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:	77.249,72
GASTOS XERAIS	10.042,46
BENEFICIO INDUSTRIAL	4.634,98
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	19.304,70
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	111.231,86

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 67.401,13 euros, o que representa unha porcentaxe do 60,60 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 60,60%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, os tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/155A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de Noia o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, ao Concello de Noia axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
- 3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que ao Concello de Noia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Noia estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Noia pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- i. Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- i. Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- i. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- i. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- ii. Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- i. Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- ii. Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- iii. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- iv. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- v. Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- vi. Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Noia, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- vii. Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Noia na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Noia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1.As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2.Unha vez rematadas as obras, o Concello de Noia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3.De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da ei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Noia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación

aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Noia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1.O Concello de Noia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de Noia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Noia poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Noia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de

axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3,De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 ^{DEL.} se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 ^{DEL.}

4.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 ^{DEL.} Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 ^{DEL.} E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 ^{DEL.}

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Noia serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2.Así mesmo, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Noia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de outubro do ano 2013.

2.Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Noia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data

3.Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de Noia, respectivamente.

3.Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ de data _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE NOIA

DIEGO CALVO POUSO

Rafael García Guerrero”

27.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL PARA SINDICATOS NA RÚA ESTATUTO, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Ribeira para financiar as obras incluídas no proxecto de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL PARA SINDICATOS NA RÚA ESTATUTO, 1ª FASE cunha achega de 25.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 47,29%) sobre un orzamento subvencionable de 52.867,04 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/169A/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL PARA SINDICATOS NA RÚA ESTATUTO, 1ª FASE

Na Coruña, o _____ na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de RIBEIRA, D. Manuel Ruíz Rivas

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de RIBEIRA ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de RIBEIRA con CIF P1507400H para o financiamento da obra de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL PARA SINDICATOS NA RÚA ESTATUTO, 1ª FASE, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por JESÚS GARCÍA RAMOS

2- O Concello de RIBEIRA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de RIBEIRA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:	36.715,77 euros
Gastos xerais 13,00%	4.773,05 euros
Beneficio industrial 6,00 %	2.202,95 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	9.175,27 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	52.867,04 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 25.000 euros o que representa unha porcentaxe de 47,29%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 47,29% da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/169A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de RIBEIRA de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de RIBEIRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de RIBEIRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de RIBEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de RIBEIRA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha

distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2012, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de RIBEIRA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de RIBEIRA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de RIBEIRA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de RIBEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de RIBEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao Concello de RIBEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda das subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de RIBEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de RIBEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello de RIBEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de RIBEIRA poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de RIBEIRA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de RIBEIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de RIBEIRA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de RIBEIRA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de RIBEIRA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ con data do _____
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE RIBEIRA

DIEGO CALVO POUSO

MANUEL RUIZ RIVAS"

28.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 10655, DO 7 DE XUÑO DE 2013, RELATIVA Á FORMALIZACIÓN DE CONVENIOS CO NOVO MUNICIPIO OZA-CESURAS, COMO CONSECUENCIA DA FUSIÓN VOLUNTARIA DOS MUNICIPIOS DE OZA DOS RÍOS E CESURAS.

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Bo día. Xa saben todos vostedes o que opinamos desta fusión, que para nós é máis inducida que voluntaria, que nos parecía pouco rigorosa dende o principio, arrancando do primeiro informe que se trouxo a este salón de plenos, e que agora mesmo, xa rematado todo un proceso, e vemos que a representación da xestora non

obedece á pluralidade política democrática resultante da representación no salóns de plenos deses dous concellos, e que incluso se buscaron formas para excluír, neste caso ao Bloque Nacionalista Galego, de representantes nesa xestora. Aínda máis, hoxe comprobamos como nas páxinas dalgún xornal desta provincia vén recollido un proxecto do Partido Popular que vai afondar aínda máis no tema da fusión dos concellos que en principio nós non estamos en contra de que os concellos poidan fusionarse, se é de xeito voluntario, pero que incluso pretende que este novo concello, Oza-Cesuras, volva fusionarse con outros concellos da mesma área.

En todo caso, por coherencia co que viñamos opinando neste salón de plenos en relación con esta fusión, e tamén poñendo a nosa énfase na crítica, por térsenos excluído dunha maneira que non consideramos de todo legal na xestora dese novo concello, nós benevolmente, incluso, ímonos abster neste punto.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, aínda que nós tamén temos unha idea e un posicionamento sobre a fusión dos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras, por responsabilidade imos votar favorablemente este punto, porque non podemos esquecer que hai convenios da Deputación concedidos ao Concello de Oza, que hai convenios da Deputación ao Concello de Cesuras, estes dous concellos xa non existen, é un, senón habilitamos ao presidente para que poida asinar eses convenios co novo concello, estaríamos privando aos cidadáns deses territorios de lucrarse duns beneficios sociais ou de investimentos, que están concedidos pola Deputación, entón, por responsabilidade, imos votar que si a este punto.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero este era un tema administrativo, única e exclusivamente, era para poder asinar os convenios, non estamos a falar diso, de todos xeitos, para a súa tranquilidade, se quere, a noticia que hoxe aparece, non ten nada que ver con nós, dígollo para a súa tranquilidade, por se acaso non podía descansar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 5 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ratificar a Resolución de Presidencia nº 10655 con data do 7 de xuño de 2013 relativa a formalización de convenios co novo municipio Oza-Cesuras, como consecuencia da fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras.”

29.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ARES PARA

FINANCIAR AS OBRAS DE REFORMA DA PLANTA BAIXA DE EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO DE MAIORES.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras incluídas no proxecto de REFORMA DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO DE MAIORES cunha achega de 40.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 76,73%) sobre un orzamento subvencionable de 52.133,60 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/231E/76201.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE REFORMA DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO DE MAIORES

Na Coruña, o na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr Alcalde Presidente do Concello de ARES, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de ARES ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de ARES con CIF P1500400E para o financiamento da obra de REFORMA DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO MUNICIPAL PARA CENTRO DE MAIORES, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por NICOLÁS CASTELO PÉREZ e LUIS FELIPE CABEZAS TORRELO

2- O Concello de ARES, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a

execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de ARES, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:_____	36.206,41 euros
Gastos xerais 13,00%_____	4.706,83 euros
Beneficio industrial 6,00 % _____	2.172,38 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____	9.047,98 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____	52.133,60 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 40.000 euros o que representa unha porcentaxe de 76,73%.

2. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,73% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/231E/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de ARES de que o

compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de ARES o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de ARES axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de ARES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de ARES estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de ARES pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de ARES, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de ARES na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de ARES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de ARES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao Concello de ARES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda das subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de ARES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de ARES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de ARES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de ARES poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de ARES queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de ARES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de ARES non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de ARES perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de ARES, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE ARES

DIEGO CALVO POUSO

JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO”

30.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE BOIRO PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DE BANCADAS CUBERTAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE VISTA ALEGRE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Boiro para financiar as obras incluídas no proxecto de BANCADAS CUBERTAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE VISTA ALEGRE cunha achega de 71.828 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%) sobre un orzamento subvencionable de 89.781,83 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/342A/762.01

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE BANCADAS CUBERTAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE VISTA ALEGRE

Na Coruña, o

na sede da Deputación Provincial da Coruña
Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de BOIRO, D. Juan José Dieste Ortigueira .

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de BOIRO ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de BOIRO con CIF P-1501100-J para o financiamento da obra de BANCADAS CUBERTAS NOS CAMPOS DE FÚTBOL DE VISTA ALEGRE, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por Emilio Piña Ordiz

2- O Concello de BOIRO, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de BOIRO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

MAN DE OBRA.....	24.081,01 EUROS
MAQUINARIA E MATERIAIS.....	54.298,20 EUROS
21 % IVE (MAQUINARIA E MATERIAIS).....	11.402,62 EUROS
TOTAL.....	89.781,83 EUROS.

Ao ser unha obra por administración, os prezos descompostos non contemplan custos indirectos.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 71.828 euros o que representa unha porcentaxe de 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/342A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de BOIRO de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de BOIRO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de BOIRO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de BOIRO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de BOIRO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de BOIRO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de BOIRO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de BOIRO na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de BOIRO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de BOIRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao Concello de BOIRO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda das subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de BOIRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello de BOIRO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1.O Concello de BOIRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de BOIRO poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de BOIRO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto del convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de BOIRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde o un de xaneiro de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de BOIRO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún

caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de BOIRO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de BOIRO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A ALCALDESA-PRESIDENTA DO
CONCELLO DE BOIRO

DIEGO CALVO POUSO

JUAN JOSÉ DIESTE ORTIGUEIRA”

31.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CURTIS PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PLAN DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE CURTIS 2102, 1ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A) Aprobar a formalización dun Convenio de colaboración co Concello de Curtis para financiar as obras incluídas no proxecto de PLAN DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE CURTIS cunha achega de 150.000 euros (que supón

unha porcentaxe de financiamento do 75,76%) sobre un orzamento subvencionable de 198.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0202/453D/762.01

B) Todo iso condicionado á aprobación definitiva do Expediente de modificación de créditos 1/2013 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 26 de abril de 2013.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE PLAN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE CURTIS 2012, 1ª FASE

Na Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

Reunidos

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de CURTIS, D. Javier Francisco Cainzos Vázquez

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

M A N I F E S T A N

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de CURTIS ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1.O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de CURTIS con CIF P 1503200 F, para o financiamento da obra de PLAN DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE CURTIS 2012, 1ª FASE tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por MANUEL A. PISOS VEIGA

2- O Concello de CURTIS, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto

refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. *Xa que logo*, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de CURTIS, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, repártese co seguinte detalle:

P. E.M:	_____	137.509,55 euros
Gastos xerais 13,00%	_____	17.876,24 euros
Beneficio industrial 6,00 %	_____	8.250,57 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	_____	34.363,64 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA	_____	198.000 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 150.000 euros o que representa unha porcentaxe de 75,76%.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,76% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0202/453D/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de CURTIS de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o

dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de CURTIS o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de CURTIS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que o Concello de CURTIS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado acompañado dos informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de CURTIS estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de CURTIS pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de CURTIS, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de CURTIS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de CURTIS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo

menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de CURTIS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao Concello de CURTIS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda das subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o Concello de CURTIS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.O Concello de CURTIS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1.O Concello de CURTIS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1.Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de CURTIS poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de CURTIS queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1.O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que han realizado o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1.No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención o Concello de CURTIS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos retroactivos desde o 25 de xuño de 2013 e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2013.

2. Para o caso de que o Concello de CURTIS non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2013, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello de CURTIS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das

institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de CURTIS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE CURTIS

DIEGO CALVO POUSO

Javier Francisco Caínzos Vázquez”

32.-APROBACIÓN DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO “REALIZACIÓN DUN BARÓMETRO DE XESTIÓN MUNICIPAL E DESENVOLVEMENTO DUN INDICADOR SOBRE O IMPACTO DO INVESTIMENTO PÚBLICO NOS ÍNDICES DE COBERTURA DE SERVIZOS MUNICIPAIS”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización dun CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O FINANCIAMENTO DO TRABALLO DE INVESTIGACIÓN DENOMINADO “REALIZACIÓN DUN BARÓMETRO DE XESTIÓN MUNICIPAL E DESENVOLVEMENTO DUN INDICADOR SOBRE O IMPACTO DO INVESTIMENTO PUBLICO NOS ÍNDICES DE COBERTURA DE SERVIZOS MUNICIPAIS cunha achega de 120.000 euros (que supón unha porcentaxe de financiamento do 80%), sobre un orzamento subvencionable de 150.000 euros, que poderán aboarse con cargo á aplicación 0502/126E/489.01.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela para financiar o traballo de investigación denominado “Aplicación do ICS á actualización do Sistema de Indicadores de Calidade dos Servizos Municipais e de Vida en Xeral nos Concellos da Provincia da Coruña e a análise dos complementos económicos dos índices de cobertura dos servizos municipais”

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, en calidade de presidente da Deputación da Coruña, asistido polo seu secretario xeral, D. José Luís Almau Supervía.

D. Juan J. Casares Long, en calidade de Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación que desempeñan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Deputación da Coruña, co fin de poder avaliar a calidade dos servizos que prestan as entidades locais (sexan ou non de titularidade do propio municipio) e, consecuentemente, asignar recursos obxectiva e racionalmente en cooperación cos concellos da provincia nas funcións propias que lles asigna a lexislación vixente de Administración Local,

- desenvolve e xestiona a Base de datos territoriais de ámbito municipal derivada da Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local (en adiante BDT-EIEL), que ten por obxectivo principal o de dispor dunha información xeorreferenciada e permanentemente actualizada relativa á dotación de infraestruturas e equipamentos
- completa esta información coa restante de natureza espacial que posúe interese administrativo e a complementa con aquela outra socioeconómica, cultural, etc que está relacionada
- produce, conserva e explota a infraestrutura de datos espaciais da provincia da Coruña que reúne toda esta información alfanumérica e vectorial (en adiante ideAC), onde se estandariza para garantir a súa accesibilidade global
- subministra todo o conxunto desta información de forma pública e ilimitadamente accesíbel mediante o portal webEIEL e a aplicación gisEIEL

Para estes efectos, vén colaborando con entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro en traballos de investigación sobre estas materias que resultan de mutuo interese.

SEGUNDO.- Consonte o exposto no apartado anterior, a Deputación da Coruña está interesada en complementar a ficha municipal da BDT-EIEL con todo tipo de indicadores relativos a variábeis socioeconómicas, culturais, etc, co fin de que se integren no portal webEIEL e na aplicación gisEIEL para posibilitar unha mellor e máis completa avaliación pública da calidade dos servizos.

TERCEIRO.- Que a USC é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

CUARTO.- Que o Equipo de Investigacións Políticas da USC ten desenvolvido o Índice de Cobertura de Servizos (en adiante ICS) así como as metodoloxías de aplicación do devandito indicador.

QUINTO.- A Deputación da Coruña subvencionou a realización pola Fundación Galicia Innova e o Equipo de Investigacións Políticas da Universidade de Santiago do proxecto “Sistema de indicadores de calidade dos servizos municipais e de vida en xeral nos concellos da provincia da Coruña”, tendo chegado á definición dun sistema de indicadores dotacionais (baseados no ICS) e á súa aplicación experimental a 80 concellos da provincia.

SEXTO.- A Universidade de Santiago, consonte a funcionalidade pública que posúe e a información descrita nos apartados anteriores, proponlle á Deputación da Coruña a realización deste proxecto co obxectivo de crear un instrumento periódico que sirva á Deputación e aos cidadáns para coñecer obxectivamente a situación dos servizos nos municipios da provincia, e que esta información teña carácter público para que poida ser utilizada pola Administración e a cidadanía en xeral de xeito ilimitado.

SÉTIMO.- Ante esta iniciativa da Universidade de Santiago, dada a funcionalidade pública e o interese común en levar a cabo a investigación indicada no apartado anterior, a Deputación da Coruña acorda subvencionar a realización do devandito traballo nun 80% do seu custo, consonte o regulado na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A subvención concédese sen que sexa procedente a propiedade e utilización exclusiva dos resultados por parte da Universidade de Santiago ou sen que a Deputación da Coruña vaia obter contraprestación directa ningunha por esta investigación, consecuentemente co carácter de natureza pública e accesibilidade xeral ilimitada que posuirá a información resultante.

O acordo de subvención adoptouse mediante resolución plenaria do 30.04.2013 perante a que se aprobou a primeira modificación ao orzamento Provincial do exercicio 2013, resultando con cargo á aplicación 0502/462A/481.

OITAVO.- Aínda que este convenio abrangue unicamente ao ano 2013, a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago manifestan a súa vontade de dar continuidade a este proxecto para que se cumpran os seus obxectivos de periodicidade.

Para regular todos os aspectos relacionados coa execución do devandito traballo de investigación, así como as condicións baixo as que a Deputación da Coruña procederá ao aboamento da subvención concedida, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, baixo as seguintes

CLÁUSULAS

I.-OBXECTO E DESCRICIÓN DOS TRABALLOS QUE SE HAN REALIZAR

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago (con CIF nº Q1518001A) para o financiamento da realización do traballo de investigación destinado a crear un barómetro de xestión municipal e ao desenvolvemento dun indicador sobre o impacto do investimento público nos Índices de Cobertura de Servizos municipais.

Pola Universidade de Santiago levará a cabo o traballo a Equipa de Investigacións Políticas, dirixida pola profesora Dra Nieves Lagares Díez.

O obxectivo do proxecto de investigación é triplo; a saber:

1. actualizar e completar as medicións anteriores, xerando unha primeira avaliación completa de toda a provincia
2. crear un verdadeiro modelo de avaliación sistemática dos servizos que lles sexa útil tanto aos políticos coma á poboación que teña carácter periódico, e
3. complementar o funcionamento do ICS, para que sexa susceptible de cuantificar os investimentos levados a cabo pola Deputación da Coruña en cada área temática e concello, de forma que se poida avaliar o impacto dos devanditos investimentos, en termos de valoración obxectiva e de satisfacción cidadán.

O ICS, funciona cunha lóxica de avaliación comparativa, interpretando a posición de cada un dos concellos en relación ao resto dos concellos pertencentes ao seu mesmo rango poboacional. A razón pola cal se determina unha clasificación dos concellos en función de rangos poboacionais parece obvia, pois enténdese que non serán comparables os servizos ofrecidos en concellos de 2.000 habitantes e os daqueles con máis de 10.000 do mesmo xeito que os investimentos e os custos dos servizos tampouco serán iguais. Deste modo séguese a seguinte clasificación, segundo as cifras oficiais do Padrón municipal do INE para o ano 2012, publicadas no BOE o 29 de decembro de 2012 (Real Decreto 1697/2012, do 21 de decembro):

- Concellos de menos de 2.000 habitantes: 12
- Concellos de 2.001 a 5.000 habitantes: 29
- Concellos de 5.001 a 20.000 habitantes: 42
- Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes: 8
- Concellos de máis de 50.000 habitantes: 3

As áreas temáticas de estudo serán:

1. Actividade e emprego.
2. Xestión administrativa, transparencia e documentación.
3. Novas tecnoloxías e comunicación.
4. Participación cidadá.
5. Servizos sociais.
6. Sanidade.
7. Educación.
8. Cohesión social.
9. Urbanismo e vivenda.
10. Infraestruturas viarias.
11. Equipamentos culturais.
12. Equipamentos deportivos.
13. Transporte e mobilidade.
14. Limpeza e recollida de residuos.
15. Abastecemento e saneamento.
16. Seguridade cidadá.

Con estas premisas os traballos que se han realizar son os que seguen:

1. Completar e actualizar as medicións do primeiro estudo, que en si mesmo tiña carácter de estudo piloto significa afinar as metodoloxías de obtención de datos para adaptalas despois dos resultados do estudo piloto e, xa que logo, evitar ruídos e deficiencias que, como é natural, se produciron no estudo experimental.

2. Así mesmo, implica revisar os datos xa obtidos e completar o estudo incluíndo os 19 concellos que non estaban presentes na primeira análise, aplicando deste xeito o modelo ós 94 concellos da provincia da Coruña.
3. Finalmente, precisa da realización de novas enquisas de satisfacción aos segmentos de poboación da provincia co obxecto de actualizar o limiar de calidade dos indicadores municipais
4. Paralelamente, no presente ano, o proxecto cubrirá a recollida de datos e as fases de definición destinadas a complementar o funcionamento do indicador, para que incorpore información sobre o rendemento económico dos investimentos nos diferentes concellos, en termos do grao de incidencia dos devanditos investimentos sobre os parámetros obxectivos e sobre as variacións nas percepcións dos cidadáns (o funcionamento real deste instrumento requirirá de dous momentos de medida do ICS e polo tanto só terá este ano valores experimentais).
5. Finalmente, a información estruturarase para que permita, nunha fase ulterior, a construción dun sistema (Barómetro) que acompañe os procesos de decisión política e xere un canon de transparencia nos servizos acorde aos novos modelos de democracia baseados na responsabilidade, a transparencia e a rendición de contas.

Deste xeito, o propio deseño dos índices de rendemento supón dar un paso máis non só na calidade democrática senón tamén na xestión estratéxica dos recursos, dos investimentos e dos fondos que a entidade provincial pon a disposición dos concellos; conectando a información extraída dos índices de cobertura e, tamén, os niveis de satisfacción cidadá, co rendemento das actuacións da Deputación da Coruña.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A Universidade de Santiago levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO ANUALIDADE 2013

	PERSONAL	51.000
Dirección e coordinación do traballo, derivado das visitas, traballo de campo para a obtención dos datos e creación da base de datos propia. Coordinación da redacción do informe final e presentación dos resultados.		15.000
Equipo técnico. Recollida de datos publicados. Redefinición/depuración de ítems para a realización da enquisa de satisfacción dos usuarios dos servizos municipais. Revisión dos datos xa analizados do informe anterior. Elaboración do informe final do Barómetro 0 e presentación dos resultados. Extracción de resultados para os 94 concellos da provincia a partir dos novos datos. Recompilación e verificación dos indicadores e datos económicos e financeiros de interese.		36.000
	COMPRA DE MATERIAL	9.000

Material informático	6.000
Papelería e material funxible	3.000
USO DE INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS	9.500
Uso de infraestruturas e servizos	9.500
COMUNICACIÓNS	5.000
Comunicacións	5.000
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	52.000
Traballo de campo: recollida de datos non publicados	19.000
Enquisas en hábitats de menos de 5.000 habitantes	11.000
Enquisas en hábitats de máis de 5.000 habitantes	16.500
Construción de modelo informático de tratamento de datos	5.500
RETENCIÓN USC (15% de 120.000)	18.000
DESPRAZAMENTOS	5.500
Viaxes, peaxes, axudas de custo	5.500

TOTAL	150.000
SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DA CORUÑA	120.000

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula I, cunha achega máxima de 120.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente a devandita porcentaxe da cantidade que efectivamente se xustifique.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0502/126E/489.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo e tense contabilizada a correspondente retención.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe

necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade de Santiago. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade de Santiago, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o art 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións xerais da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou *internet*, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga por parte da Universidade de Santiago.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación será aboada integramente á finalización dos traballos.

2. A Universidade de Santiago deberá acreditar, previamente ao cobro da achega provincial, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula VIII.

3. Non será posible expedir un pago se a Universidade de Santiago ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo previsto, non se teña presentado a xustificación correspondente.

4. Para a recepción do pago, a Universidade de Santiago é titular da conta bancaria 2080.0387.80.3110000209 con título "*Universidade de Santiago-Contratos e Convenios*". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

5. A achega final da Deputación seralle aboada á Universidade de Santiago unha vez que se presente a seguinte documentación:

- memoria de actuación, subscriba polo representante legal da Universidade de Santiago, na que se xustifique o cumprimento das condicións impostas neste convenio con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos
- relación clasificada dos gastos realizados na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións habidas con respecto ao orzamento detallado na cláusula II, achegando os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto de xeito que, no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña
- certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula VIII
- declaración doutras axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación
- proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula VI, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar rematadas polo menos 2 MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio, tal como está establecido na cláusula XVI.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VIII no prazo máximo DE 1 MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, 1 MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XVI.
3. De conformidade co disposto no art 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á UNIVERSIDADE DE SANTIAGO para que a presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da

xustificación neste prazo adicional non eximirá a Universidade de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 54.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago na documentación achegada. Se transcorresen máis de 4 meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de 4 meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A Universidade de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os certificados correspondentes.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa de oficio esta Administración.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos art 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos art 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas; así como estará tamén sometida aos procedementos de calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención, co límite de 75,00 € se o atraso non excede de 3 meses. Se o atraso na realización da actividade excede de 3 meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede de 1 mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede de 1 mes e non chegase a 3, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00 €. Por último, se a extemporaneidade da xustificación excede de 3 meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCión S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no art 20.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade de Santiago serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de datos nacional de subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no art 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de

Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no art 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web <http://www.dicoruna.es>.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro de 2013.

2. Despois da solicitude da Universidade de Santiago, realizada polo menos 2 meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes que se tome antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Comisión de Seguimento establecida na cláusula IV, do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios (unidade xestora), do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación se media causa debidamente xustificada.

XIV.-NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento de cantas cuestións litixiosas poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Consonte todo o anterior e en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no seu encabezamento.

XV.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

1. As partes nomearán unha Comisión de Seguimento integrada por 6 representantes, 3 por cada unha delas, que terá como misión básica a de optimizar a xestión e o desenvolvemento do presente convenio.
2. O nomeamento dos ditos representantes realizarase, por cada unha das partes, inmediatamente despois da formalización do convenio.
3. Ademais dos mencionados representantes poderán incorporarse á Comisión de Seguimento, a proposta das partes e en calidade de asesores con voz pero sen voto, expertos que estean vencellados á Universidade da Coruña, á Universidade de Santiago de Compostela ou a outras entidades colaboradoras dos asinantes do convenio.
4. Serán funcións da Comisión de Seguimento:
 - dirimir, en primeira instancia, os conflitos ou controversias que puidesen xurdir na interpretación, execución ou aplicación deste convenio
 - establecer o plan de traballo e supervisar o seu cumprimento
 - redactar informes sobre a execución do convenio considerando, no seu caso, as posibilidades de mellora; que se dirixirán ás 2 partes asinantes
 - propor modificacións aos contidos ou prazos de execución do convenio
 - aprobar ou propor modificacións, no seu caso, para a obtención de resultados en cada unha das fases e sub-fases de que consta o proxecto
 - aprobar e programar as actuacións de difusión dos resultados
 - propor, no seu caso, a subscripción de novos convenios que estendan as actuacións do actual aos restantes municipios da provincia, ás comarcas ou áreas supramunicipais e ao propio ámbito provincial, elaborando o correspondente presuposto e elevándoo ás partes asinantes.

XVI.- PROPIEDAD E USOS DA INFORMACIÓN XERADA

1 A propiedade intelectual do Sistema de Indicadores e de toda a restante información pública xerada como resultado da execución do presente convenio será compartida pola Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago, xunto coas entidades colaboradoras que poidan tomar parte na realización dos traballos.

2 A Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago, así como as restantes entidades colaboradoras, porán o Sistema de indicadores e a restante información pública xerada en plena situación de accesibilidade para o uso libre e gratuíto da sociedade en xeral, coa única condición de que se mencione sempre a fonte da que proceden.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por o día _____ de _____ de _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REITOR DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

33.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2013, 1ª FASE, QUE SE DETALLA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0605 SANTA IRENE A PONTE DE SAN XUSTO PQ 3+195 A 4+065 TOXA (TOURO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- 1) “Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2013 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 162.666,5.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 0605 SANTA IRENE A PONTE DE SAN XUSTO PQ 3+195 A 4+065 TOXA (TOURO). 1311100001.0	162.666,50

- 2) Expor ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

34.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA EP 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PQ 0,000 AO 3,120 (1ª FASE). CULLEREDO (0511300017.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

1. “Aprobar a modificación do proxecto MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRIO PQ 0,000 AO 3,120 (1ª fase) (CULLEREDO) (0511300017.0) cun orzamento total de 855202,23.- euros e que se detalla:
- 2.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MODIFICACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO DE TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PQ 0,000 AO 3,120 (1ª fase) (CULLEREDO)	855.202,23

2.- Modificar por tanto o acordo plenario 17 con data do 24-05-2007 polo que se aprobaba o Plan de travesías 2007 segunda fase.

3.- Remitirle ao Concello de Culleredo para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-02-2008 (BOP 57/8-3-2008).

4.- Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.”

35.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2013 PRIMEIRA FASE QUE SE DETALLA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL NA DP 4307 MALPICA A PONTECESO PQ 1+080 AO PQ 1+350 (MALPICA). 1311700001.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de SENDAS PEONÍS 2013 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 69.336,07.- euros, con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA SENDA PEONIL NA D.P. 4307 MALPICA A PONTECESO PQ 1+080 AO PQ 1+350 (MALPICA). 1311700001.0”	69.336,07

36.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA EP 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO (A CORUÑA) E APROBACIÓN DA RELACIÓN DE TERREOS E SUPERFICIES E VALORACIÓN DOS BENS AFECTADOS.

Por unanimidade, apróbese o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PQ 3,020 A PQ 5,300, A Coruña polo seu orzamento de contrata de 916.728,14.-EUROS (IVE ao 18%) (940034,78 euros co IVE ao 21%), que non supón incremento ningún respecto ao primitivo.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 650.051,10.- EUROS (IVE ao 18%) (666577,82 euros co IVE ao 21%), que non representa incremento ningún respecto ao primitivo.

3º) Non existindo alteración do valor do contrato é innecesario o incremento das fianzas constituídas.

4º.) Tendo en conta que o presente proxecto modificado suporá a modificación das superficies e bens inicialmente afectados, apróbese a relación de terreos e superficies e valoración dos bens afectados que se afectarán complementariamente:

TERREO	LETRA	APELIDOS	NOME	DNI1	SUPERFICIE	DESTINO	M2	CONCEPTO	PREZO/UD	SUBTOTAL	SUBTOTAL	5%	TOTAL
100		CAPELÁN MOSQUERA	ANTONIA E OUTRO	32.281.558-T	8	XARDÍN	8,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- XARDÍN	60	480	595,36	29,77	625,13
							16,00	ML SEBE VIVO	7,21	115,36			
101		CAPELAN FARIÑA	ANTONIO	32.347.621-F	2	XARDÍN	2,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- XARDÍN	60,00	120,00	120,00	6,00	126,00
102		VIDAL DEZA	HDROS.AR GIMIRO	32.348.930-M	8	LABRADÍO	8,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- LABRADÍO	60,00	480,00	480,00	24,00	504,00
103		FERNANDEZ CAPELAN	CARLOS E OUTRO	32.581.994-X	8	LABRADÍO	8,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- LABRADÍO	60,00	480,00	480,00	24,00	504,00
104		CAPELAN CANDAME	HDROS. EMILIO	32.126.729-F	10	LABRADÍO	10,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- LABRADÍO	60,00	600,00	600,00	30,00	630,00

105	SUÁREZ PONTE	HDROS. ANTONIO	32.284.890-C	3	F.CASA	3,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	180,00	180,00	9,00	189,00
106	SUÁREZ PONTE	HDROS. ANTONIO	32.284.890-C	5	F.CASA	5,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	300,00	300,00	15,00	315,00
107	VIÑAS FERNANDEZ	RODRIGO		4	F.CASA	4,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	240,00	1.440,00	72,00	1.512,00
						1,00	UD ALPENDRE PEDRA E TELLA FIBROCEM(26 M2)	1.200,00	1.200,00			
108	MORALES IGLESIAS	SOFIA		7	F.CASA	7,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	420,00	520,00	26,00	546,00
						1,00	UD TRASLADO CONTADOR AUGA	100,00	100,00			
109	VIÑAS FERNANDEZ	RODRIGO	32.448.333-W	14	F.CASA	14,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	840,00	1.206,00	60,30	1.266,30
						1,00	UD TRASLADO CANCELA	50,00	50,00			
						6,00	M2 MURO DE CELOSÍA	36,00	216,00			
						1,00	UD TRASLADO CONTADOR ELÉCTRICO	100,00	100,00			
110	SOUTO VÁZQUEZ	MARÍA DOLORES	32.336.068-T	35	F.CASA	35,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZAD O)- F.CASA	60,00	2.100,00	2.632,00	131,60	2.763,60
						16,00	ML MALLA DE ARAME CON POSTES METÁLICOS	8,00	128,00			

							11,00	M2 MURO LADRILLO E PARTE PROPORCIONAL CIMENTAC.	20,00	220,00				
							1,00	UD TRASLADO PORTAL	100,00	100,00				
							3,00	UD BANZO ESCALEIRA	28,00	84,00				
111		SANDE CAPELAN	TERESA E OUTRO	32.108.048-W	18	F.CASA	18,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- F.CASA	60,00	1.080,00	4.480,00	224,00	4.704,00	
							17,00	M3 MURO CACHOTERÍA E PARTE PROPORCIONAL CIMENT.	200,00	3.400,00				
23	co	OTERO PÉREZ	MªLUISA		8	F.CASA	8,00	M2 S.URBANO CONSOLIDADO (S.URBANIZADO)- F.CASA	60,00	480,00	480,00	24,00	504,00	
														TOTAL 14.189,03"

37.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “CAMIÑO DO CASTRO Á IGREXA (LEIRA) E OUTROS” DO CONCELLO DE ORDES, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013 CO CÓDIGO 13.2100.0107.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra da obra “Camiño do Castro á Igrexa (Leira) e outros” do Concello de Ordes, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal co código 13.2100.0107.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal.

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>FINANCIAMENTO</u>		
			<u>Deputación F.propios</u>	<u>Concello</u>	<u>Orzamento Total</u>
13.2100.0107.0	Ordes	Camiño do Castro á Igrexa (Leira) e outros”	139.972,35	7.366,97	147.339,32

38.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DA SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA “SUBMINISTRACIÓN DE DOUS VEHÍCULOS PARA PRESTACIÓN DE SERVIZO PÚBLICO” DO CONCELLO DE CARIÑO, INCLUÍDA NA 3ª FASE DA ANUALIDADE 2012 DO PLAN “DTC 94: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”. CÓDIGO 2012.3280.0155.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do prego de prescricións técnicas da subministración denominada “**Subministración de dous vehículos para prestación de servizo público**” do Concello de Cariño, incluída na 3ª fase da anualidade 2012 do Plan “DTC 94: Unha deputación para todos os concellos” (Código 2012.3280.0155.0), aprobada polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o día 21 de decembro de 2012), e cuxas bases reguladoras foran aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de xullo de 2012 (publicadas no BOP nº145 do 1 de agosto de 2012).

O prego modificado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

2012-3280-155.0	Subministración de dous vehículos para prestación de servizo público Concello de Cariño		
	PREGO INICIAL	PREGO MODIFICADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	31.944,00	31.944,00	0,00
CONCELLO	0,00	1.599,62	1.599,62
TOTA	31.944,00	33.543,62	1.599,62”
L			

39.-APROBACIÓN DA ADAPTACIÓN DO ACORDO PLENARIO DO 21.12.2007, REGULACIÓN INTERNA DOS HORARIOS DE TRABALLO DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, AO DISPOSTO NA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA DE ESTADO DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DO 28.12.2012, DE INSTRUCCIÓN SOBRE XORNADA E HORARIOS DE TRABALLO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade co disposto na Resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do 28/12/2012 (BOE núm. 313, do 29/12/2012), pola que se ditan instrucións sobre a xornada e horarios de traballo do persoal da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria para a Administración local, segundo resulta do establecido no art. 94 da Lei 7/1985, de bases do réxime local, modificar o apartado IV. XORNADA DE VERÁN, do acordo plenario do 21/12/2007, polo que se aprobou a Regulación interna dos horarios de traballo do persoal desta Deputación provincial, no sentido de que o período de aplicación da xornada de verán será o comprendido entre o 16 de xuño e o 15 de setembro, ambos incluídos.”

40.-APROBACIÓN DE PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA E FARMACÉUTICA POLO SISTEMA DA SEGURIDADE SOCIAL. FUNCIONARIOS DE CARREIRA E INTERINOS INTEGRADOS (EN ACTIVO NO 31.03.1993).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade co disposto no RD 480/1993, de integración no Réxime Xeral da Seguridade do Réxime Especial dos Funcionarios da Administración local, e tendo en conta, ademais, o resultado das consultas realizadas por esta Deputación coa entidade xestora, Instituto Nacional da Seguridade Social en canto á percepción da asistencia sanitaria e farmacéutica do persoal integrado, funcionarios de carreira e interinos en activo no 31/03/1993, directamente a través da propia Seguridade Social (consultas dos anos 1998 e 2011), dispoñer a unificación do sistema da prestación da dita asistencia sanitaria e farmacéutica, para o que se realizarán os trámites oportunos e necesarios para a tal unificación con efectos do vindeiro día 01/01/2014, data esta na que todo o persoal, incluído o integrado pola citada disposición legal, terá que percibir a repetida asistencia sanitaria e farmacéutica directamente do sistema da Seguridade Social.”

41.-APROBACIÓN DE ADAPTACIÓN TEMPORAL DA REGULACIÓN DA PERMANENCIA DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN NO SERVIZO ACTIVO E AS

SÚAS PRÓRROGAS, POR RAZÓNS ORGANIZATIVAS DERIVADAS DA PLANIFICACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De conformidade coa normativa vixente reguladora da permanencia no servizo activo dos empregados públicos e das súas prórrogas, arts. 67.3 do Estatuto Básico do Empregado Público e 49.1 do Texto refundido da lei da función pública de Galicia, desenvolvido este pola Orde do 07/01/2013 (DOG do 17/01/2013), en especial o disposto no art. 4.3 desta última, en canto establece que as solicitudes das persoas interesadas poderán denegarse por razóns organizativas do emprego público; facer uso da dita facultade denegatoria por parte desta Deputación no período comprendido entre o 01/07/2013 ata o 31/12/2015, coincidente coa vixencia do Plan de Emprego 2013-2015, aprobado polo acordo plenario do 31/03/2013, por canto o seu desenvolvemento supón unha planificación estratéxica e reorganización completa en todas as áreas, con incidencia no sistema de traballo e, en consecuencia, na práctica totalidade dos postos de traballo.”

42.-APROBACIÓN DA ADAPTACIÓN DA DENOMINACIÓN DO PLAN DE EMPREGO ESPECÍFICO DE REESTRUTURACIÓN DA ÁREA DE ORGANIZACIÓN E SISTEMAS E DE INTEGRACIÓN NEL DO ACTUAL SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tendo en conta que no acordo plenario do 29/06/2012 se aprobou o Plan de emprego específico de reestruturación da Área de Organización e Sistemas, resultando integrados nel os Servizos que nesa data dependían da dita Área, e que no acordo plenario do 31/05/2013 se aprobou inicialmente a modificación desta, pasando a denominarse Área de Persoal e Organización, resultando en consecuencia integrado o actual Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos nela; adaptar a denominación do referido Plan de emprego, que pasará a denominarse “Plan de emprego específico de reestruturación da Área de Persoal e Organización” e, consecuentemente, integrar ao citado actual Servizo de Planificación e Xestión de

Recursos Humanos e ao persoal que actualmente presta os súas funcións nel no tal Plan de emprego específico.”

43.- APROBACIÓN DAS INSTRUCIÓN PARA A APLICACIÓN DOS COMPLEMENTOS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DEBIDA A CONTINXENCIAS PROFESIONAIS E COMÚNS, E NAS SITUACIÓNS DE MATERNIDADE, PATERNIDADE, RISCO DURANTE O EMBARAZO E RISCO DURANTE A LACTACIÓN NATURAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Ao persoal funcionario e laboral acollidos ao Réxime Xeral da Seguridade Social recoñeceránselle os seguintes complementos nos supostos de incapacidade temporal:

1.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns, ata o terceiro día, recoñeceránselle un complemento retributivo do cincuenta por cento das retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Desde o cuarto día ata o vixésimo, ambos inclusive, recoñecerase un complemento que sumado á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social sexa equivalente ao setenta e cinco por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día vixésimo primeiro, inclusive, recoñeceránselle unha prestación equivalente ao cen por cento das retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

2.- Aboarase un complemento económico ata o 100% das retribucións nos supostos de incapacidade temporal orixinados por:

- Hospitalización: O traballador deberá presentar xustificante de hospitalización que acredite que esta coincide no tempo co período de incapacidade temporal. Se esta última se produce unha vez iniciada a baixa, e ten a súa mesma causa, o xustificante achegarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita hospitalización. Neste caso regularizase o aboamento do complemento para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día da baixa.

Teñen a consideración de hospitalización para os efectos do aboamento do 100% das retribucións, a hospitalización a domicilio e a estadía nos hospitais de día, incluíndo os períodos de observación nos Servizos de Urxencias hospitalarias, superiores a 7 horas. Este punto deberá ser acreditado polo profesional mediante o xustificante que corresponda.

- Intervención cirúrxica: Para iso o traballador deberá presentar xustificante médico da devandita intervención cirúrxica e acreditar que a baixa ten a mesma causa que a intervención sen que sexa necesario especificar a concreta actuación médica practicada. Se a intervención médico cirúrxica se produce unha vez iniciada a baixa, o xustificante achegarase co parte de confirmación que corresponda no tempo co inicio da devandita intervención. Neste caso regularizase o aboamento do complemento, para que a persoa empregada perciba o 100% das retribucións desde o primeiro día de baixa.

Terán a consideración de intervencións cirúrxicas, para os efectos do aboamento do 100% das retribucións e sempre que se atope incluídas na carteira de servizos do sistema sanitario público, as intervencións cirúrxicas con internamento, as intervencións de cirurxía menor ambulatoria, as intervencións médicas invasivas como

colonoscopias, gastroscopias e outras de características similares, así como os tratamentos oncolóxicos.

- Incapacidade temporal derivada do embarazo. Para iso deberá presentarse, co parte de baixa, un informe médico que acredite que a enfermidade é consecuencia directa do embarazo ou que se deriva del.

- Nos permisos por parto, adopción acollemento e paternidade. Nestes supostos, durante todo o período que comprenda o permiso, aboarase á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

- Supostos de risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural. Nestes supostos durante todo o período de suspensión do traballo por calquera de ambos os dous riscos aboarase á persoa empregada os complementos necesarios para percibir o 100% das retribucións.

3.- Os días de ausencia ao traballo motivada por enfermidade ou accidente que non dean lugar a unha situación de incapacidade temporal, comportarán a mesma dedución de retribucións do 50% prevista para os tres primeiros días de ausencia por incapacidade temporal. O devandito desconto en nómina non será de aplicación a catro días de ausencia ao longo do ano natural, dos cales só tres poderán ter lugar en días consecutivos.

Neste suposto, deberá entregarse unha xustificación médica da devandita enfermidade ou accidente, sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia.

4.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada durante todo o período da súa duración, ata o 100% das retribucións que viñese percibindo o devandito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

5.- As referencias a días entenderanse realizadas a días naturais.

6.- O presente acordo producirá efectos a partir do 1 de xullo de 2013.

7.- Presentación dos partes de baixa, confirmación, alta por incapacidade temporal e xustificación de ausencias. – Sen prexuízo da obriga de comunicar inmediatamente a ausencia, o traballador deberá entregar no Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos o primeiro exemplar do parte médico de baixa ou de confirmación destinado á empresa no prazo de tres días contados a partir do día da súa expedición.

Ademais da comunicación inmediata da súa reincorporación, a persoa empregada deberá entregar o exemplar do parte de alta destinado á empresa dentro das vinte e catro horas seguintes á súa expedición.

En caso de incumprirse a obriga de presentación dos xustificantes de ausencia ou do parte médico de baixa nos termos e prazos establecidos, a parte de xornada non realizada sen causa xustificada, dará lugar á dedución proporcional de haberes, dentro dos tres meses seguintes á ausencia, de conformidade coa normativa vixente.”

44.- APROBACIÓN DO PROXECTO PARNET-TIC 2, PRESENTADO NA 4ª CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO ESPAZO SUROESTE EUROPEO (SUDOE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a presentación da candidatura da Deputación da Coruña, en colaboración coa Deputación de Almería, o Concello de Lugo e a Cámara Municipal de Águeda (Portugal) á 4ª convocatoria do Programa de Cooperación Territorial do Espazo Suroeste Europeo (SUDOE): proxecto PARNET-TIC 2.

2º. Aprobar como achega provincial ao proxecto PARNET-TIC 2 a cantidade de 49.608,26 €.

3º. Facultar a Presidencia desta Deputación, en caso de aprobación definitiva do proxecto PARNET-TIC 2, para a realización de cantas actuacións sexan necesarias na súa posta en marcha.”

45.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FÚTBOL CLUB TORDOIA, DE XENEBRA-SUÍZA, PARA O FINANCIAMENTO DOS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO ANO 2012-2013.

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

O noso grupo vai votar en contra deste convenio, nós cremos que a Deputación colabora con multitude de entidades galegas na diáspora, nós non recordamos que en ningún caso se colaborase con un club de fútbol, o que pasa é que cando vemos que as axudas ás actividades deportivas dos concellos da nosa provincia se reducen ata tal punto que concellos como Oleiros non chega aos 2.000 euros de axuda, Narón non chega aos 3.000 euros, Arzúa non chega aos 2.500 euros de axuda, ou Toques, que non chega aos 1.200 euros de axuda, neste caso vaise proceder a habilitar unha axuda de 3.000 euros con un club de fútbol en Suíza, e o máis curioso é que se fai cun diñeiro que está destinado, ou que cando se formalizaron estas axudas o obxecto destas colaboracións era ben distinto que colaborar en clubs de fútbol, incluso o propio convenio di que sendo finalidade común a ambas as dúas entidades, a Deputación e o club, co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, nós cremos que un equipo de fútbol, efectivamente, non axuda nin a mellorar a calidade de vida, nin nos estamos referindo a persoas necesitadas, nin son valores especificamente culturais galegos o xogar ao fútbol. En todo caso cremos que se estiveran cubertas todas as necesidades deportivas dos concellos da nosa provincia, ao mellor estabamos falando doutra cuestión, pero neste caso cremos que non é xustificable este convenio.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, nós compartimos as argumentacións do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, imos votar que si a este punto porque entendemos que posiblemente esta sociedade conte xa con esta axuda da Deputación, e poderíamos prexudicalas, pero para o futuro compartimos a reflexión do Sr. Regueira, hai xa unha partida para axudar ás asociacións galegas no exterior, e sería conveniente dedicalas a outras funcións. Como entendemos que probablemente conten xa con este tipo de axudas, e están desenvolvendo as súas actividades pensando neste convenio, votamos que si para non prexudicalos, pero facemos a reflexión que no futuro sería conveniente eliminar este tipo de axudas.

Sr. Ruiz Rivas

Bos días a todos, Sres. deputados. En primeiro lugar dicirle ao Sr. Moreda que como ven hoxe e proba a orde do día do Pleno, á parte das convocatorias, ás veces por razóns doutra índole inclúense o que son subvencións nominativas a entidades ou asociacións que tamén concorren ou puideron concorrer en concorrencia competitiva. Neste caso, a Sociedad Fútbol Club Tordoia segue levando o seu nome inicial como club de fútbol, aínda que o seu ámbito é moito máis alá que o deportivo, ou dun deporte concreto, como é o fútbol, é dicir, que nestes momentos a Sociedad Fútbol Club Tordoia é unha sociedade de carácter social, cultural e tamén deportivo, e xunto coa Sociedad Nosa Galicia, a máis importante das que temos nese país, con seiscentos socios, e que se dedica sobre todo a difundir a cultura galega a través dos nosos emigrantes en Suíza. Eu creo que a achega provincial, que non chega ao 17%, pode axudar precisamente a unha asociación que ten moitas máis dificultades polo feito de estar en país alleo, que as que teñen aquí, e estoume referindo a patrocinios ou outro tipo de cuestións que é fácil que un club deportivo ou cultural na nosa terra o poida conseguir, é moito máis difícil nestes países. Polo tanto, eu creo que con esta subvención nominativa que, repito, non chega ao 17% do total da actuación, entre elas tamén os monitores de baile, de baile entre eles o baile galego, o que vai a contribuír, unha vez máis é a difundir o que é a nosa cultura a través desta acción que os nosos emigrantes veñen facendo en todos e cada un dos países que tiveron a ben acollelos, así que Sr. Presidente, o noso grupo vai votar a favor.

Sr. Regueira Varela

No convenio do que se fala é das cotas de inscrición na Federación de Fútbol de Suíza, non se fala doutras actividades culturais, nin representativas da cultura galega. En todo caso, Sr. Ruiz Rivas, saiba vostede que nesta provincia hai clubs tan representativos que xogan incluso en primeira división estatal, etc., etc., que non é que leven o 17%, levan o 0% da axuda solicitada. Polo tanto, en fin, todo é discutible, insisto, aquí do que se trata e o que vén recollido no convenio son fichas federativas de fútbol e honorarios de monitores de fútbol e baile.

Sr. Presidente

Antes de pasar a votar, eu entendo que o nome da sociedade pode levar a equívocos, pero como saben vostedes, e algún o sabe porque ten viaxado moito e coñece aquel mundo, nestas sociedades fanse todo tipo de actividades, e os convenios que temos asinado con moitas sociedades de Arxentina, Uruguai, por exemplo, incluímos monitores de baile, de baile galego que se dan clases, de canción popular galega, ou incluso dalgún deporte. Neste caso, a maiores, pode levar a engano, e eu estou de acordo con vostedes, o nome da entidade, pero non é un club de fútbol tal cal, senón que é, como seguro que coincidirán comigo todos aqueles que coñecen aos galegos na emigración, un modo de vida o pertencer a un sociedade deste tipo onde se xuntan todas aquelas persoas que teñen raíces de Galicia, e onde as seguen mantendo, pero tomamos nota das súas achegas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar o seguinte convenio:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE FÚTBOL CLUB TORDOIA, DE XENEBRA-SUIZA, PARA O FINANCIAMENTO DOS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO E ACTIVIDADES DO ANO 2012-2013

En o..... de de 2013

REUNIDOS

Dunha parte, D. DIEGO CALVO POUISO, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte, D. URBANO JUNCAL BELLO, en representación da *Sociedade Fútbol Club Tordoia*, de Xenebra - Suiza.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

MANIFESTAN

A *Sociedade Fútbol Club Tordoia*, de Xenebra - Suíza, é unha asociación sen fins de lucro, constituída en 1983 ao amparo da lexislación Suíza, institución privada sen fins de lucro, que ten como finalidade manter lazos culturais e sociais con Galicia, España, as súas xentes, historia e cultura, e para o apoio moral e social dos galegos en Xenebra, segundo o art. 1º dos seus estatutos.

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se atopan afastados da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a sobrevivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que comporten garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *SOCIEDADE FÚTBOL CLUB TORDOIA*, de Xenebra-Suíza (a beneficiaria, en adiante) para o financiamento dos gastos de funcionamento e actividades no seu local social sito en Rúa de Lyon 114, 1203 Xenebra-Suíza, durante o ano 2012-2013.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ORZAMENTO DE GASTOS		
CONCEPTO	FRANCOS	EUROS
Cotas de inscrición na Federación de Fútbol Suíza	7.500,00	6.167,85
Honorarios de monitores de fútbol e baile	14.000,00	11.513,32
	21.500,00	17.681,17

(*).- Tipo de cambio 1 CHF = 0,82238 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colabora no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 3.000,00 € que equivale a un coeficiente de financiamento do 16,97 %.
2. No caso de que os gastos xustificadas non acadasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (16,97 %) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/481, do orzamento provincial para 2013.
4. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.
5. A achega provincial é incompatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á beneficiaria.
2. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre o período do 1.10.2012 ao 30.09.2013.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO SEGUNDA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación achegada. E se

tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

IX.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

X.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade motivará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres,

a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XI.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de outubro de 2013, e terá efectos retroactivos dende o 01.10.2012.

2. Despois da solicitude da beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1, O presente convenio ten NATUREZA administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo con data do _____ de dous mil trece.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O REPRESENTANTE DA
SOCIEDADE FÚTBOL CLUB
TORDOIA

Asdo.: DIEGO CALVO POUSO

Asdo.: URBANO JUNCAL BELLO

2ª. Aprobar como achega provincial ao convenio a cantidade de 3.000,00 €

3º. Facultar a Presidencia da Corporación para a formalización e execución do convenio.”

46.-INFORME SOBRE A XESTIÓN ORZAMENTARIA O 31.05.2013 E PROPOSTA DE ACORDO.

INTERVENCÍONS

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero antes dicirlles que neste informe, como xa comprobarían, cumprimos con todos os requisitos de estabilidade presupostaria e todos os parámetros de xestión financeira, a día de hoxe, e a proxección cara a final de ano, e que como todos os meses virá o correspondente informe ao Pleno.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“PRIMEIRO: Tomar coñecemento da información sobre a xestión orzamentaria o 31 de maio de 2013, que formula a Intervención Provincial.

SEGUNDO: Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO: Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2013 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

CUARTO: Informar periodicamente o Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.”

47.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE A RENUNCIA AO CARGO DA DEPUTADA PROVINCIAL DONA AMANCIA TRILLO LAGO.

Por unanimidade, acórdase ratificar a inclusión deste punto na orde do día, e apróbase tamén por unanimidade a seguinte proposición:

“Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Presentada por escrito o 25 de xuño de 2013, con entrada no Rexistro o mesmo día 25, a renuncia ao seu cargo de deputada pola deputada provincial dona Amancia Trillo Lago, procede facela efectiva perante o Pleno da Corporación, con-
sonte co disposto nos artigos 8.4 do Regulamento orgánico desta Deputación e 9.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, logo da ratificación previa da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

“1.-Tomar coñecemento da renuncia presentada ao seu cargo pola deputada provincial dona Amancia Trillo Lago.

2.-Como consecuencia do punto anterior, declarar a vacante de deputado provincial.

3.-Poñer en coñecemento da Administración electoral a vacante existente, para os efectos da substitución disposta no artigo 208 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral”.

Sra. Trillo Lago

Grazas, Sr. Presidente. Quería aproveitar este momento, xa que estades todos xuntos, para despedirme de todos e de todas, e dicir que estiven encantada de compartir estes dous anos con todos vós, que para min foi unha experiencia superpositiva e que me levo un montón de amizades, pero outras prioridades de carácter persoal fanme abandonar a política activa polo menos durante unha temporada, máis adiante non se sabe, e agradecervos a todos o voso compañeirismo e dar as grazas tamén a todo o persoal desta casa por facilitarnos sempre o labor e nada máis. Sorte para todos e ata sempre.

Sr. Presidente

Moitísimas grazas, e agradézolle en nome de todos os compañeiros, seguro que toda a Corporación, o seu traballo e o seu trato tamén durante este tempo.

ACTUACIÓN DE CONTROL

-Moción do Bloque Nacionalista Galego contra a minaría salvaxe e contaminante.

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure o beneficio rápido a costa dun grave impacto ambiental e riscos para a saúde das persoas.

En Galicia existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranguer máis da metade da superficie do país. A maior parte destas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentable dos recursos mineiros. O aproveitamento de determinados recursos mineiros debe ser considerado estratéxico, decidido desde Galicia en funcións dos seus intereses, e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

Nin a Xunta de Galicia nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. Por exemplo, o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de se tramitar como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galicia) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientais, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, na Rede Natura, onde queren conceder 54 explotacións. Os concellos e as persoas afectadas non contan, tampouco a ordenación urbanística local. E non só é Corcoesto, en Bergantiños, senón O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, todas estas zonas tamén están baixo esta ameaza.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou “fracking” son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente e os distintos usos do solo, practicamente prohibidas na totalidade do territorio da Unión Europea. Consume grandes cantidades de enerxía e auga e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación dos acuíferos.

Unha minaría a ceo aberto, salvaxe, que abre cráteres na superficie e fracturas nas profundidades, destruindo plantas, animais ou aldeas e lugares, se for preciso para os seus intereses. Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentables das persoas. Produce explosións, destrución física do territorio con cráteres de centos de hectáreas e centos de metros de profundidade, embalsamento de contaminantes (como metais pesados, arsénico, cianuro), elimina acuíferos e contamina as augas.

Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan en absoluto os prexuízos ambientais e socioeconómicos derivados doutros recursos naturais (forestais, agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos) nin a saúde humana. Os permisos de investigación ligados á extracción de

ouro implican o uso do cianuro, con riscos para a saúde e o medio. O cianuro é unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, un dos principais contaminantes, que pode ter impactos graves e irreversibles na saúde humana, no medio e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo, xa digo, en practicamente a totalidade da Unión Europea está prohibido o uso de cianuro neste tipo de actividades.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohiba a macrominaría a ceo aberto e a minaría con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer. Se recordamos, non hai tantos anos, Aznalcóllar, aínda hoxe a sociedade afectada non cobrou os seguros aos que tiña que facer fronte a empresa mineira. E aínda máis, que Galicia sexa soberana na explotación dos seus recursos como a minaría.

Por todo isto, o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a

1.-Retirar o documento de inicio do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia e elaborar un novo coa participación e o consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minaría, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia.

2.Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso de cianuro ou substancias perigosas que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de “fracking”, en todo o territorio galego, incluída a plataforma continental.

3.Crear con urxencia o consello da Minaría de Galicia, tal como establece a Lei 3/2008, de ordenación da minaría, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.

4.Esixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un fondo de restauración ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.

5.Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía de Galicia e que dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.

Sr. Fernández Moreda

Nosoutros quixeramos pedirlle ao Grupo que propón esta moción, ao Bloque Nacionalista Galego, que permitise votar separadamente o punto un, dos outros catro

puntos, porque entónces votariamos favorablemente o dous, o tres, o catro e o cinco, e absteriámonos no punto número un. Por que nos absteriamos no punto número un?, porque consideramos que non sería prudente nestes momentos retirar o documento, tal e como solicita esta moción, porque o Plan sectorial de actividades extractivas é un documento técnico, non é un documento político, é un documento técnico elaborado por técnicos e por expertos da Universidade, que describe soamente o sector, e describe e analiza os riscos do sector. Este documento, este Plan sectorial, cumpre co establecido na Lei ambiental, e cumpre tamén co establecido na Lei de minaría aprobada polo Goberno bipartito. Digo que non sería prudente retirar este Plan sectorial hoxe porque hai moita xente preocupada por esta cuestión. Non só está a mina de Corcoesto, están tamén as minas e as explotacións de lousa, de granito, de graveiras, hai trescentas empresas afectadas e máis de catro mil empregos.

O importante non é retirar o Plan sectorial de actividades extractivas, senón que o importante son os plans sectoriais que terán que aprobarse no Parlamento galego onde se faga a avaliación do impacto ambiental de cada un deses proxectos. Polo tanto, nós entendemos que poderíamos votar favorablemente aos catro puntos, o dous, o tres, o catro e o cinco, e absteriámonos se o Bloque Nacionalista Galego, o grupo propoñente desta moción permite unha votación separada, absteriámonos no punto número un.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente. En primeiro lugar, a min gustaríame facer unha serie de consideracións xerais, e despois unha consideración particular sobre o moción en si, na cal eu creo que hai unha gran dose de descoñecemento e, entre outras cosas, tamén algunha que outra aseveración, eu diría que bastante rancia xa.

En primeiro lugar, como non podía ser doutro xeito, Galicia, como o resto do territorio europeo, todo o desenvolvemento económico e produtivo baséase no desenvolvemento sostible, iso quere dicir que ten que ter sempre en conta os tres importantes parámetros, o económico, o social e o ambiental, e que non son parámetros fixos, posto que vostedes en algunha ocasión saben que, cando se reduce de forma drástica, por exemplo, as cotas pesqueiras, independentemente do estado do recurso en si que se pode aplicar a outros lados, o que estamos facendo todos os grupos políticos é pedir moratorias, ou pedir que non se aplique en determinados lugares, neste caso en Galicia, porque podería poñer en perigo a nosa economía a través dun duro golpe social a esas zonas. É por iso que zonas altamente dependentes da pesca, teñen un trato diferente independentemente de que o recurso é o mesmo en Galicia do que pode ser en Francia ou Irlanda. Dito iso, hai que ter sempre a consideración deses tres parámetros, e en función das zonas, e en función do país no que se vive.

Polo tanto, o primeiro que temos é que non, a prioristicamente, ou xenericamente, estar en contra de algo. Eu vin que neste país agora parece que se está en contra de todo o que significa a minaría, de todo o que significa traballo a ceo aberto, pero que antes estivemos en contra do sector eólico, despois parece que se deu un cambio, estamos en contra das piscifactorías, estamos en contra das gaiolas de determinados peixes en determinadas zonas, tamén de xeito xenérico, entón eu creo que iso non é bo, o que hai é que estudar cada caso concretamente, cumprindo a lexislación e cumprindo todos os parámetros que hai que cumprir, e un dos

parámetros máis importantes que ten que cumprir é precisamente o parámetros ambiental.

Dito iso, como consideracións tamén xenéricas, eu creo que un Goberno dun país ten que intentar explotar todos os seus recursos, entre eles, tamén, o recurso mineiro. É nestes momentos imposible que o noso futuro siga dependendo única e exclusivamente do sector primario, da pesca ou da agricultura. Temos que seguir traballando para que outros recursos poidan empezar a ter maior peso na nosa economía do que ten, porque a marcha dos últimos anos dese sector primario, e a marcha do que son os obxectivos e as prioridades europeas, cada un pode imaxinar cá é o futuro que queda para o sector primario. Polo tanto, os gobernos teñen que ir directamente a tentar explotar todo o que son recursos dun país.

Eu creo que, dito iso, tamén o que temos que dicir é que non se pode estar dicindo non a determinadas actividades de forma xenérica, cando necesitamos esa materia prima e si a traemos doutros países, que igual neses países non están cumprindo o que antes dicíamos do que é socialmente respectable, traballo de menores, traballo en condicións infrahumanas, ou ben sen respectar o ambiente deses países. Polo tanto, tampouco hai que ter esa consideración de dicir, non a isto, pero seguímolo traendo daqueles países que non cumpren o que aquí si van a ter que cumprir.

Entón, dito iso, eu creo que a moción do BNG ten , como dicía antes, unha linguaxe un pouco rancia, iso de que as grandes multinacionais veñen aquí, parece que as aborixes deste país galego, e con prácticas neocolonialista, e baseándose en normas franquistas, eu creo que todo iso o soporta o papel pero non o soporta a realidade dun país democrático desde o ano 78. Dito iso, eu dicía que creo que supón un fondo descoñecemento da lexislación en primeiro lugar porque esa lexislación, que data do ano 2008, que é a Lei de ordenación mineira de Galicia, foi aprobada precisamente durante o Goberno do BNG, o bigoberno naquel caso, PSOE-BNG, e curiosamente naquel momento o que era a lei, en contra votou o que era este, agora deputado, xunto co seu Grupo no Parlamento. Parece ser que esa lei, que tanto lle gustaba, agora non lle gusta que se poida aplicar.

E o Plan sectorial de actividades extractivas é precisamente a ferramenta que establece esa lei do bipartito por coherencia, para facer unha planificación, pero esa planificación que, como dixo o Sr. Moreda, é unha planificación técnica, non significa que un lugar que teña xa a materia prima, e que poida ser explotado, necesariamente vaia ter unha autorización, non, o que se fai é buscar aquelas áreas que teñen esa singularidade, polo tanto iso hai que dicilo.

E dicir que imos sacar adiante, parécenos importante sacar adiante ese Plan sectorial, e seguir con ese documento de inicio porque é o que necesita o país, necesita desenvolver precisamente as leis, a través do que son plans, e lembro que foi precisamente o goberno de Feijoo o que sacou adiante por primeira vez plans tan importantes como o do litoral, directrices de ordenación do territorio, que creo que son precisamente os que van dando contido ás leis, e os que van dando un sentido a todo o que se intenta facer nesas materias. Non ten o Consello, como vostedes din, o papel que lle atribúen, senón que o Consello o que ten é que informar.

Tamén solicitan de forma xenérica prohibicións de técnicas mineiras que nestes momento están avaladas internacionalmente, como é a escavación a ceo aberto que, por certo, recordo como todos os grupos apoiabamos determinadas escavacións a ceo aberto cando o trazado do AVE o podía prexudicar, e todos na Xunta defendiamos aquelas explotacións e defendiamos aqueles postos de traballo. Eu non sei o que pasou para que agora, de forma xenérica, se poida estar en contra de escavacións a ceo aberto porque prácticas como a do cianuro están recollidas en documento do chamado BREF, de mellores técnicas dispoñibles, que está elaborado pola comisión Europea, e que están utilizando neste caso países como Suecia ou Finlandia.

Tamén lles preocupa a vostedes o que é a moratoria para a factura hidráulica, o fracking. Dcir que aí non só se está cumprindo esa moratoria, senón que estase cumprindo por convicción, por unha aprobación do Parlamento de Galicia, no cal, como teño que recordar, o noso Grupo é maioritario e, polo tanto, se se votou a favor, é porque o noso Grupo votou a favor, e o goberno entón o único que lle queda é aplicar esta responsabilidade. Vostedes saben que calquera actividade que se pretenda ten garantías económicas e seguros de responsabilidade civil, en relación directa co que supón a magnitude desa actividade, da mesma forma que veñen obrigados ao que é a planificación e execución da restauración ambiental, e quero recordar que a maior restauración ambiental está precisamente en Galicia, está precisamente nas Pontes, onde se recuperou e quedou, creo que un importante valor paisaxístico, o que eran máis de mil hectáreas de entulleira e, polo tanto, iso é o que se debe ir facendo.

Por último, cando vostede di que hai que estudar o impacto sobre outras actividades económicas, e que se está facendo, por iso eu digo que non se pode dicir xenericamente non a algo, senón que hai que estudalo individualmente en cada caso e valorar cada un dos aspectos que incide, e por que o digo?, porque se considerou, por exemplo, ultimamente, co recente anuncio do presidente da Xunta, denegando unha explotación mineira en Xinzo porque era incompatible co desenvolvemento agrario da zona. Polo tanto, alí, no caso concreto, considerouse que podía danar unha economía básica e esencial da zona de Xinzo de Limia, como era a actividade agrícola, e prohibiuse unha actividade, polo tanto, que fai o Goberno?, que fai este Grupo?, non está a prioristicamente en contra de nada, cremos que temos que preservar os nosos recursos, e polo tanto haino que estudar coas normas que son bastante garantistas, caso por caso. Nós pensamos como aquel proverbio masai que a terra non se herda dos nosos pais, senón que o que temos é un legado dos nosos fillos, e a eles temos que deixarlles precisamente un legado mellor que o que nós, en todo caso, temos nestes momento, pero para poder legar algo o que temos é que seguir subsistindo como país, e se atacamos todas e cada unha das fontes produtivas deste país, mal nos vai ir e os nosos fillos non sei o que ao final recibirán. Polo tanto, Sr. presidente, nós no ánimo de buscar un punto de encontro, o que presentamos foi unha moción aos grupos que, en definitiva, o que pretende é instar á Xunta de Galicia a continuar velando polo estrito cumprimento da normativa vixente na actividade mineira, e nomeadamente a continuar defendendo o uso das mellores técnicas mineiras dispoñibles, continuar garantindo o cumprimento estrito da lexislación nas tramitacións ambientais dos diferentes plans e proxectos mineiros, así como establecer as cautelas axeitadas, tanto no establecemento dos seguros e garantía como nos proxectos de restauración ambiental. Agardamos a resposta do Grupo

propoñente, e esperamos que acepte este punto de encontro que propón o noso Grupo. Grazas, Sr. Presidente.

Sr. Regueira Varela

Sinto defraudado, Sr. Ruiz Rivas, pero non imos aceptar a emenda porque evidentemente a emenda o que está dicindo claramente é que todo está correcto, e se nós pensáramos que todo está correcto non presentaríamos esta moción. Non temos ningún problema porque se voten os puntos diferenciadamente, pero si me gustaría falar sobre as intervencións que houbo, porque hai partes da intervención do Sr. Ruiz Rivas que a min me gustaron moito, claro que ao final o resumo non me gustou tanto. Pero, evidentemente, o BNG non está en contra de toda a minaría, nin está en contra sequera de toda a minaría a ceo aberto, está en contra dun tipo de minaría a ceo aberto, é un tipo de minaría que é unha minaría megacontaminante e que ademais, dubido, aínda que eu, efectivamente, podo descoñecer a lexislación de todos os países da unión, pero eu creo que está prohibida en practicamente todos os países membros da Unión Europea. Vostede dicía que Suecia e Finlandia utilizan o cianuro, si, é curioso, iso é certo, o caso é que non o utilizan nin en Suecia nin en Finlandia, utilízanlo en África, en Latinoamérica, e quéreno utilizar en Galicia, pero en Suecia e en Finlandia non. E que un goberno dun país ten que preservar os seus recursos, a súa riqueza e utilízalo para o ben da sociedade dese país, efectivamente, nós estamos defendendo iso mesmo, se o ouro que hai en Corcoesto ou noutras zonas do noso país é un recurso estratéxico e, evidentemente, estou de acordo con vostedes, que é necesario para seguir avanzando a nosa economía, os nosos medios técnicos e todo iso, e sería mellor que os trouxeran os do aquí e non ter que mercalo a países onde utilizan man de obra de nenos e nenas, e todo iso que vostede dicía, efectivamente, nós estamos de acordo, pero hai maneiras e maneiras de extraelo e de todos os xeitos, aquí o que está facendo o goberno galego é poñer toda esa riqueza do subsolo galego en man dunha transnacional que vai buscar o enriquecemento rápido, que lle vai importar ben pouco a fractura social e a degradación do medio que vai causar no momento de extraer ese mineral, e se vai alongar sen máis consecuencias, polo tanto, nós consideramos que, efectivamente, ten que ser un ben estratéxico para a economía de Galicia, ten que estar explotado con recursos públicos galegos, ou se non é así, senón é dende un sector público potente, con intervención do sector público, e en todo caso, o que se ten que facer, é que a extracción sexa dunha maneira sustentable, porque hai maneiras e maneiras de extraer os minerais, en Europea extráense minerais, pero non se utiliza cianuro, en Europa búscase enerxía no subsolo, pero non se está utilizando fracking, o que non se nos pode a nós aplicar, e por iso non é rancio dicir que se nos trata como unha colonia, os métodos que se aplican en países moi pouco desenvolvidos, e eu creo que Galicia ten que loitar por ser un país de primeira orde, dentro da Unión Europea, nós consideramos que esta sociedade é unha sociedade desenvolvida, e queremos ter as mesmas garantías que teñen o resto dos estados membros da Unión Europea, e insisto, o BNG non está en contra da minaría, nin sequera está en contra de que se extraia o ouro do noso subsolo, pero pódese facer con galerías ou con prácticas que non teñen porqué ser contaminantes. Nós o que estamos poñendo de manifesto é que os métodos e as técnicas que se van utilizar aquí son cuestionadas en todos os países adiantados e avanzados, científica, tecnolóxica e culturalmente do mundo. E dicía vostede, falaba vostede do descoñecemento e dos estudos técnicos, etc., etc., e quero dicirlle que, efectivamente, hai estudos técnicos de técnicos tan cualificados como os que poden dicir o contrario, que poñen de manifesto que esta é unha

práctica que non é de recibo para o noso país, a xente da Sociedade Galega de Historia Natural, as asociacións ambientalistas, os técnicos independentes das universidades galegas, e doutras universidades do Estado de Europa, din exactamente o que di o BNG nesta moción, que o fracking, o cianuro e o arsénico son técnicas que causan moito máis dano no medio que a riqueza que ocasionan as empresas que explotan estes recursos. Evidentemente, nós non nos imos opoñer a unha extracción de pedra dunha canteira, aínda que sexa a ceo aberto, hai que estudar proxecto sectorial por proxecto sectorial. O que estamos poñendo aquí de manifesto é que se está permitindo absolutamente todo e que só vai ter rendibilidade nas grandes empresas multinacionais que van xestionar estes recursos e, por último, simplemente, insistir en que non hai ningún problema en votar punto por punto e que, se isto fose tan bo, seguramente, como dicía vostede, Suecia e Finlandia utilizarían os seus propios territorios pero van utilizalo a outros.

Creo que se non me equivoco, a empresa Boliden, en Aznalcóllar, era unha empresa sueca, pero a xente da zona aínda está pagando o desastre que esa empresa sueca, que é tan consciente no seu territorio, causou coa súa inconsciencia no territorio do Estado español.

Sr. Fernández Moreda

Creo que é lóxico que os grupos fixen unha posición sobre a emenda que presenta o Partido Popular, entón, dende ese punto de vista pediría a palabra para dicir que creo que hai bastantes máis coincidencias do que aparece porque a moción, despois de escoitar as explicacións do Sr. Rivas, podería votar perfectamente separada a moción do Bloque, tal e como propón o Grupo Socialista. Coincide co Grupo Socialista en que retirar o documento do Plan sectorial non ten sentido e sería imprudente, porque hai moitas persoas afectadas, moitos negocios afectados e moito emprego afectado, e suporía un atraso inexplicable para eses traballadores e para esas empresas, á parte de que é un documento simplemente técnico. A proposición que presenta o Grupo Popular ten dous puntos que din: “Continuar defendendo o uso das mellores técnicas mineiras dispoñibles”, todos defendemos iso, pero uns damos un paso máis, é dicir, non queremos explotacións abertas onde se utiliza cianuro e elementos contaminantes e non estamos en principio moi favorables á técnica do fracking.

O punto tres di “Crear con urxencia o Consello de Minaría de Galicia, que se prevé crear na Lei 3/2008”, ben, pasaron cinco anos dende que se aprobou a lei, non é raro pedir que se cree o Consello da Minaría de Galicia, non hai ningún motivo para votar en contra, entendo.

E logo o punto cuarto e quinto da moción do Bloque, coincide máis concreta e máis xenérica co segundo punto da moción do Partido Popular: “Esixir o establecemento de seguros de cobertura e garantir a reparación do medio”, dío o Grupo Popular, “e someter as autorizacións das explotacións mineiras, o impacto...” xa se fai, nas avaliacións ambientais xa se fai, e se ten en conta como afecta as explotacións agrogandeiras, ás pesqueiras, os recursos hídricos, turísticos, etc., etc.

Nós, fixando posición, se se vota a moción do Bloque, votariamos abstención no punto un, e votariamos a favor do dous, tres e catro, e se non se acepta iso, e se vai someter a votación a emenda do Partido Popular, nós absteríamonos.

Sr. Ruiz Rivas

En primeiro lugar, agradecer o Sr. Moreda a posición que tería sobre a nosa emenda se se dera a oportunidade de poder votala, e nós dicir que o que fixemos é intentar buscar un acordo, non se ten medio cariño, e determinadas cousas non se poden facer a medias, ou están ou non están, ou se fan ou non se fan, neste caso eu entendo que votar por punto o que ía facer e ter unha posición discordante nalgúns puntos, e o que pretende o noso Grupo é que houbera unha posición unánime en todos os seus puntos e por iso se presenta esta emenda. Dito isto, eu simplemente quero recordar aquí o que foi unha iniciativa que no ano 2010 presentouse no Parlamento Europeo, que foi por eurodeputados do leste, que pedían prohibir o uso de determinadas técnicas de extracción como as que aquí se falaban. Pois ben, un mes despois, en xuño de 2010, baseándose nos informes técnicos que se compilaron en diversos organismos, a Comisión Europea rexeitou tal resolución, dicindo, e isto é literal “Unha prohibición xeral do cianuro na actividade mineira non se xustifica dende os puntos de vista de medio e saúde, demostrando que hai leis que regulan e controlan o uso do cianuro e minaría, e que o único que teñen que facer os Estados é controlar que se cumpran as leis”, que é precisamente o que estamos a dicir nós, non é malo per se, senón que o malo é incumprir as leis que regulan o seu uso.

E non só non está prohibido o cianuro, senón que como antes dicía, hai un documento, o BREF, documento de referencia de mellores técnicas dispoñibles que derivan da directiva europea 96/61, relativa á prevención e o control integrado da contaminación, que inclúe o seu uso, e estanse utilizando, e repito, en países na unión Europea, porque países de África e doutros lugares, nas directivas europeas non creo nin que existan, estase a utilizar e a facer en países como Suecia e Finlandia, esa é a realidade e hai uns documentos e boletíns do Parlamento Europeo que así o certifican. Nada máis, Sr. Presidente.

Sr. Regueira Varela

Como dicía o Sr. Moreda, nós imos un paso máis alá, nós cremos que hai que mudar cuestións. Para nós non é admisible o uso do cianuro, do arsénico e do fracking nas explotacións mineiras, iso é realmente o obxecto da moción, nós cremos que non é unha práctica admisible, e insisto, a Unión Europea ten as súas cuestións delicadas, parécelle ben que se utilice en Romanía, pero aos franceses, e aos alemáns, e aos daneses, e aos finlandeses, e aos suecos no seu territorio non lles gusta utilizar o cianuro, por algo será, en todo caso non temos ningún problema en votar a moción punto por punto, pero a emenda non a imos aceptar porque cremos que a administración galego, o goberno galego ten que ir un puntinho máis alá nas esixencias ás explotacións mineiras que se están querendo establecer no noso territorio.

Sr. Presidente

Moi ben, entón, como non se acepta a emenda, acéptase votar por puntos, e entendín que o portavoz do Grupo Socialista dicía separar o un do resto, o resto, o dous, tres e catro, poden ir xuntos.

A continuación vótase o punto 1 da moción do BNG:

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Seguidamente vótanse os puntos 2 ao 5 da moción do BNG:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

(Abandona o salón o Sr. Calvelo Martínez)

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Está previsto que se celebren eleccións na Asociación supracomarcal Neria, Costa da Morte, na que a Deputación da Coruña ten representación. Esta entidade, nos últimos anos vén xestionando orzamentos millonarios provenientes de fondos públicos de diferentes administracións, desta administración tamén, entón nós o que queríamos saber é, primeiro se se nos convocou á elección da nova xunta directiva na xornada de hoxe, e se esta administración ten un documento económico serio e rigoroso que reflecta o estado de gastos e ingresos das liñas de actuación da entidade e que reflecta tamén as achegas públicas e privadas a esta entidade, e simplemente o queremos saber porque nos últimos anos, sobre todo no último ano, a entidade Neria vén procedendo a prescindir de diferente persoal ao seu servizo, e segundo expresan membros da súa xunta directiva teñen unha situación delicada de liquidez económica, no sabemos, xa digo, se fomos convocados como administración a participar na asemblea da elección da nova xunta prevista para hoxe, e se temos tamén o documento económico pertinente que reflecta o estado económico da entidade a día de hoxe.

Sr. Presidente

Sen ánimo de que se lle poida dar máis información, si dicirlles que a persoa que representa a Deputación nesta Asociación, que é a alcaldesa de Cee, si foi convocada en tempo e forma para a reunión de hoxe, e dicirlle, como vostede sabe, hai unha achega que é anual nos orzamentos desta Deputación, que no ano pasado, no exercicio pasado 2012, libróuselle á entidade, pero xunto co libramento e dita achega, pedíáselle, ou dicíáselle, primeiro que esa achega librábase, efectivamente,

por responsabilidade, dada a situación na que estaba e na que se atopaban os traballadores, pero de cara á formalización do convenio no ano 2013, pedímoslle que nos achegara unha serie de informes e datos complementarios, que a día de hoxe aínda non temos, de feito non temos formalizado, aínda que tamén está recollido nos orzamentos desta institución, o convenios do ano 2013.

Sra. Seixas Naia

Bo día a todos e a todas. Gustaríame trasladar un rogo a esta institución, hoxe é o día 28 de xuño, temos entre os obxectivos da Deputación a loita tamén pola igualdade das persoas que forman parte de todos os concellos da provincia e, polo tanto, hoxe, precisamente, día 28 de xuño, é o Día Internacional da Liberación das persoas lesbianas, gais, bisexuais e transexuais. Esta data conmemora uns disturbios que se deron na cidade de Nova York no ano 1969, e que marcaron, en parte, o inicio dos movementos de liberación destas persoas. É unha loita social que reivindica a dignidade e a igualdade das persoas, sexa cal sexa a súa orientación ou identidade sexual. Polo tanto, cómpre que hoxe tamén aquí lembremos todo o que aínda queda por facer, e denunciálo para que deste xeito actuemos e se poidan superar todas estas discriminacións e invisibilizacións, e para acadar unha sociedade máis xusta baseada no respecto e a igualdade das persoas. É certo que tamén vivimos nunha sociedade onde aínda existen prácticas moi evidentes de homofobia, de discriminación, de crueldade, etc., vemos tamén con preocupación retrocesos nos dereitos destes colectivos, destas persoas que en moitos casos teñen que ver coas políticas de recortes, e con novas políticas que se están facendo tanto no Estado como na Xunta, e por ese motivo o noso Grupo quere rogarlle á Deputación da Coruña que se manifeste por parte desta institución o compromiso de contribuír en colaboración e coordinación cos concellos a integración e normalización da comunidade de lesbianas, gais, transexuais e bisexuais, para garantir deste xeito o dereito de todos e todas a seren tratados con respecto e independencia, e simplemente en medidas activas que persigan o fin de discriminación por razóns de orientación sexual, e cos obxectivos de educar na igualdade na colaboración con estas entidades. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas polo rogo, e miraremos as accións que se podan levar a cabo dende o departamento de Igualdade.

Sr. Fernández Moreda

Teño dúas preguntas, Sr. Presidente. Empezamos pola primeira.

O 5 de abril do presente ano dirixín unha solicitude ao presidente da Deputación co seguinte contido: pedía unha listaxe con todas as subvencións concedidas ás diferentes entidades sen ánimo de lucro da provincia da Coruña, ordenadas por municipio, con indicación da súa finalidade e contía e correspondentes a todos os programas xestionados polo Servizo de Fomento, Seccións de Cultura e Deportes, Promoción Económica e Servizos Sociais. E tamén unha listaxe de todas as subvencións solicitadas e non concedidas no ano 2012 por entidades desta provincia. Ao non ter resposta a esta solicitude de información, o 7 de xuño reiterámola de novo, e hai dous días ofrecéusenos unha información, que é unha

fotocopia dos boletíns oficiais da provincia onde se publican as subvencións do ano 2012, obviamente esta información xa a tiñamos porque está ao alcance de calquera persoa na páxina web da Deputación.

Aproveito esta intervención para reiterarlle de novo esta petición ordenada, concello por concello. Queremos coñecer esta información, e non a solicitamos como unha graza da benevolencia do presidente, senón que a solicitamos como un dereito que nos asiste como membros desta Corporación. E para que queremos esa información?, queremos esa información para poder desenvolver o noso labor como oposición, e queremos comprobar se é certo o que se di, que non sei se é certo ou non, que en moitos casos dáse maiores subvencións a entidades deportivas e culturais dun concello que ao propio concello, para desenvolver as súas actividades culturais e deportivas, queremos entre outras cousas, comprobar eses tema.

Polo tanto, reitérolle a petición que lle fixen o 5 de abril e o 7 de xuño, e paso a comentar un caso concreto do que si temos información, e son as subvencións as escolas e conservatorios de música.

O anterior goberno puxo en marcha unha partida de axudas aos concellos que tiñan conservatorios e escolas de música, dábaselle, independentemente da cor política, ao concello, todo concello que tiña un conservatorio de música asignábaselle 20.000 euros, e todo concello que tiña unha escola de música, asignábaselle 10.000 euros, e isto foise cumprindo ano tras ano, e cumpriuse tamén o pasado ano, o pasado ano vostedes nas subvencións que deron mantiveron este criterio de distribución. Loxicamente, o ano pasado partiamos dun orzamento preventivo de 250.000 euros para esta partida, que se suplementou ata 360.000 para poder atender a ese criterio, este ano o orzamento inicial era de 250.000 euros, non se suplementou, e xa se distribuíron as axudas. O lóxico, o que entendemos nós, o lóxico e o razoable, sería seguir mantendo as mesmas axudas, en menor cantidade, pero as mesmas axudas a todos os concellos, sexan da cor que sexan. E, con sorpresa, atopámonos de que, claro, esta Deputación que é unha Deputación para todos os concellos, é unha Deputación máis para uns concellos e menos para outros concellos, porque os concellos gobernados polo Partido Socialista que teñen escolas de música ou conservatorios, que recibiron o ano pasado 10.000 ou 20.000, en función da escola que tivesen, vemos, A Capela ten unha diminución do 70,15%, As Pontes do 80,45%, Betanzos do 70,04%, de Brión do 60,72%, de Culleredo do 1,8%, de Muros do 50,35%, de Noia do 81,05%, unha redución media do 59,2%. Os concellos gobernados polo Bloque teñen unha redución media do 68,2%, os concellos independentes, como o de Oleiros e Ordes, teñen reducións do 50% e do 70,17%, non obstante, imos aos concellos gobernado polo Partido Popular, e teñen unha redución media do 0,6%. O Concello da Coruña recibía 10.000 euros, e recibe 9.864; o Concello da Baña recibía 10.000 euros e recibe 9.978; o Concello de Abegondo recibía 10.000 euros e recibe 10.000; o de Cee recibía 10.000 e agora 19.950; o de Ortigueira, 10.000, 9.951, e podía seguir lendo, non nos parece xusto nin razoable.

Parécenos xusto e razoable, se hai menos diñeiro, estamos vivindo momentos difíciles, e redúcense as partidas de axuda, reducir as partidas de axuda, pero dándolles unha axuda igual e similar a todos os concellos, e fago esta pregunta porque algúns concellos queixáronse, incluso algún mandoulle un escrito ao presidente poñendo de manifesto esta situación, e solicitando que sexa revisada a documentación presentada, concretamente o Concello de Brión, porque non entende

porque o ano pasado se lle achegan 10.000 euros, e este ano se lle dan 3.902, cando cumpre con todos os requisitos.

Entón, a pregunta é, Sr. Presidente, é se vai atender esta solicitude do Concello de Brión, e outras que están inquedos e preocupados, e vai suplementar a cantidade para que todos os concellos, non só os do PP, reciban as cantidades que recibiron en anos anteriores, e se hai que reducir, que a partir do vindeiro ano se reduza, pero mantendo as mesmas cantidades para todos, porque as necesidades son as mesmas, as escolas son as mesmas e os conservatorios son os mesmos, independentemente de que están nun municipio ou noutro municipio.

Sr. Presidente

A verdade é que acostumo a ter boa memoria, pero a tanto non chego. Non lle podo contestar exactamente aos datos que vostede di, non se preocupe, mirarémolo, pero si dicirlle que no cómputo das subvencións concedidas este ano desde departamento de Cultura e Deportes, desde Servizos Sociais e Promoción Económica, hai concellos, para evidenciar, dígolle, que non é así o que vostede deixa de entrever, hai concellos do Partido Socialista onde teñen unhas achegas moi superiores ás que tiveron, por exemplo, o ano anterior. Cítolle de memoria algúns, porque como lle digo, algo de memoria, pouquiña, teño, Ares, Muros, Muxía, Camariñas, son todos concellos gobernados polo Partido Socialista, que se vostede lle pregunta aos seus alcaldes, verá como as achegas que recibiron nos proxectos que presentaron este ano, foron moi superiores ás do ano pasado, hai algúns máis, pero xa lle digo que non teño aquí tampouco os datos. De todos os xeitos, será contestada esa pregunta e o que se pretendeu este ano é que ningún concello, e pretenderase no futuro, que ningún concello quede a cero en ningunha partida, iso por suposto. De todas maneiras, como lle digo, contestarémolle, darémolle cumprida conta na Comisión correspondente dos datos que vostede dixo.

Sr. Fernández Moreda

Eu non teño memoria, teño datos...

Sr. Presidente

Xa, pero comprenderá que eu agora aquí non llos podo dar porque non os teño encima, pero si lle digo que hai moitos concellos do Partido Socialista que recibiron un incremento importante na convocatoria deste ano.

Sr. Fernández Moreda

En calquera caso os datos, estes datos, son reais, e eu rógolle, se temos unha Deputación para todos, que sexa unha Deputación para todos, e creo que ademais iría na súa forma de ser e na súa forma de actuar. E paso a segunda pregunta.

O pasado ano púxenlle de manifesto que os cambios que vostedes introduciron no proceso de adxudicación ao pasar do procedemento aberto, seguido dende sempre pola Deputación, ao procedemento negociado sen publicidade, privara á Deputación no caso da conservación de estradas, de 848.000 euros de economías, que podían reinvestirse de novo na provincia, ademais de limitar gravemente a

concorrenza a esas obras. Púxenlle de manifesto a nosa opinión de que non compartiamos ese proceder, e que non se xustificaran as invitacións ás empresas, nin se motivara, como esixe a lei, ese procedemento, preguntáballe naquel momento se ían continuar con este procedemento, e o que entón preocupaba a este Grupo, hoxe está xa nos titulares dos medios de comunicación.

Días pasados liamos na prensa dixital que a Deputación da Coruña adxudicou o 94% do seu investimento en obra pública, sen concurso previo, isto non pasaba antes, pasaba xusto o contrario. No último ano do anterior goberno adxudicouse por procedemento aberto o 97% das obras da Deputación, e non se adxudicou ningunha obra por procedemento negociado sen publicidade. Preocúpanos, e dígoo sinceramente, Sr. Presidente, preocúpanos o rumbo que pouco a pouco está tomando esta Deputación. O que vimos sobre a xestión das subvencións, hai un anaco, a reforma administrativa en marcha, que moitos ven como un intento de sacarse adiante a funcionarios incómodos, non sei se vai ser así, pero se está, o algunha xente vendo así, incluso fálase xa de posibles cesamentos de xefes de servizo. O que vemos coas contratacións fan que moitos pensen que pouco a pouco esta Deputación estase baltarizando, esta Deputación é o que é, Sr. Presidente, grazas ao traballo de xeracións de funcionarios e de políticos que a configuraron como o que actualmente é, a que máis e mellores servizos presta aos concellos, a máis eficiente, a máis saneada, a máis rigorosa na distribución dos fondos públicos e a máis transparente de todas as deputacións de Galicia. E sentímonos orgullosos funcionarios e políticos desta Deputación, e queremos seguir sentíndonos orgullosos da Deputación. E hoxe empezan a cuestionarse moitas cousas por parte de funcionarios, políticos e cidadáns, xa non só se utiliza o procedemento negociado sen publicidade na contratación do Plan de conservación de estradas, senón que se está estendendo por todos os ámbitos da Deputación, invitando nalgúns casos a participar a empresas cuxo obxecto social non ten nada que ver coa obra á que se lle pide que presente unha oferta. Hoxe moitos contratistas, e lamento ter que dicir isto, porque saben que eu son un home moderado e non me gusta facer demagogia, hoxe moitos contratistas se preguntan que hai que facer para que te inviten a participar nas obras de Deputación, hoxe moitos contratistas se preguntan con quen hai que falar para poder participar nas obras da Deputación, hoxe moitos contratistas din que hai que ofrecer para poder participar nas obras da Deputación, e isto non é bo para a reputación da Deputación.

Este ano, no Plan de conservación de estradas, vinte e dous grupos adxudicáronse polo procedemento negociado sen publicidade, e doce por procedemento aberto. Presenteille unha pregunta tamén o 6 de xuño, pedindo que nos dixese a qué empresas se invitou a participar na licitación de cada un dos grupos que integran o Plan de conservación de estradas deste ano, e que criterios se seguiron para invitar aos que concorreron. Respondéronme, pero non me responderon ao que eu preguntaba, eu quería saber, e logo direille porqué, a quen se invitou en cada grupo, e que criterios. Dinme a relación das empresas que foron invitadas en xeral, sen concretar os grupos, e o criterio dinme que é “atendendo á especificidade das obras e as súas características, maquinaria, materiais, persoal”, son obras de conservación, son obras de arranxar fochas, de limpar e rozar cunetas, de repoñer a sinalización vertical e horizontal, é dicir, son obras que non necesitan ningún tipo de complexidade, nin ningún tipo de maquinaria excepcional, son obras ás que se presentaron moitas ofertas.

No procedemento aberto, nos doce grupos que se presentaron ao procedemento aberto, no Grupo 7 presentáronse 44 ofertas, no Grupo 9, 44 ofertas, no Grupo 10, 44 ofertas, no Grupo 11, 48 ofertas, no Grupo 12, 46, 46, 41, 35, 38, 37, 38 y 43. É dicir, a cada Grupo presentáronse entre 38 e 46 empresas a licitar. En cambio, nos vinte e dous grupos que se adxudicaron polo procedemento negociado sen publicidade, invítanse a participar só a catro ou cinco empresas, limitando a concorrência, nun momento en que as empresas necesitan traballo, queren traballar e queren competir, nós estamos impedindo que corenta empresas poidan presentarse a estes vinte e dous grupos que se adxudicaron polo procedemento aberto sen negociación. E preguntáballe, Sr. Presidente, que me concretase a qué empresas se invitou por cada Grupo porque hai cousas que son chocantes.

Mire, as baixas nas adxudicacións polo procedemento aberto son do 33,48, 34,05, 35,11, 33,07, é dicir, son todas superiores ao trinta e pico por cento, e as baixas no procedemento negociado sen publicidade, en varios grupos coinciden coas baixas no procedemento aberto, 32 no Grupo 29, Polígono de Sabón, 31 no de Camariñas, Laxe e Vimianzo, 30, 33, 32, 31, porén hai unha zona da provincia onde as baixas son entre o catro e o seis por cento, e iso dá que sospeitar, dá que sospeitar porque un pensa que souberon a quen invitaron, non digo que se producira isto, ollo, por Deus, porque non teño ningunha proba para afirmalo, pero eu penso que souberon a quen invitaban e puxéronse de acordo porque é moi curioso que só nesa zona haxa unha baixa entre o catro e o seis, e no resto da provincia, polo procedemento aberto, polo procedemento negociado sen publicidade, haxa baixas superiores do trinta por cento.

Todo isto, Sr. Presidente, eu creo que non é bo. Vostede non gaña nada, de verdade, non gaña nada. E non hai que demostrar a autoridade cambiando os temas de contratación, vostede ten a autoridade, é o presidente e non ten que demostrar absolutamente nada, e por iso, preguntolle, Sr. Presidente, está claro que a Deputación non gaña nada, está claro que se está levando o desasosiego a moita xente que contratou durante moitos anos con esta Deputación, que non pode concorrer ás obras da Deputación, está claro que estamos facendo algo que era transparente, estamos volvéndoo máis opaco, e está claro que estamos limitando a concorrência. E eu dígolle, Sr. Presidente, merece a pena seguir utilizando este procedemento, cando a Deputación non gaña nada, cando os deputados que estamos aquí non gañamos nada, e cando perdemos en transparencia e perden as empresas que non poden concorrer ás obras da Deputación?

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, en primeiro lugar, chámame bastante a atención, Sr. Moreda, vostede ao que teño por un político serio, que fale, e que toda a maioría da súa argumentación teña que ver con dioxomedixomes, ou con chismes, non, non, gran parte das aseveracións que vostede dixo é que din por aí, que se persegue a non sei quen, se persegue a non sei cantos, vostede non pode facerse eco nunca de nada que non sexan feitos, e os feitos aquí son que o único que se tomou en materia de persoal é unha decisión de organización desta casa, en función das competencias que temos na crenza de que iso vai facilitar o traballo da Deputación, achegalo máis aos concellos e ser máis eficientes, e utilizar os métodos de designación que a lei establece e que vostede utilizou na súa época de mandato en múltiples ocasións, en múltiples.

Sr. Presidente

Escoite polo menos, e despois seguramente poderá replicar.

Sr. Ruiz Rivas

Tamén modificou algunha. Dito iso, o mesmo exactamente en obras, se a lei quixera ou pensar que o único método que garante a independencia, a transparencia, a igualdade, o acceso é o concurso, non habilitaría ningún outro método que non fora o concurso aberto, non habería procedementos negociados, non habería adxudicacións, o que antes se chamaban adxudicacións directas, obras menores, etc., etc. Polo tanto, tamén cando se toma unha decisión é polo ben da institución, é polo ben e coñecemento do traballo tamén que nesta casa se ten, e tamén polas consecuencias que neste momento están traendo baixas absolutamente despois dificilmente defendibles, e que carreen en definitiva problemas á institución, eu dígollo nun concello, que xa leva tres obras de procedemento ou concurso aberto, paradas, ou que tiveron que cederse a outra empresa, e por que?, porque vostede sabe que as empresas tamén estudan de pé a pá un prego, e saben para concursar e gañar a baixa media desta institución, da outra, é do 31, e vou ao 31, independentemente dunha análise exhaustiva diso, e despois veñen os problemas, e se quere despois recordamos obras desta Deputación que nestes momentos están paradas, que teñen que sufrir modificados, ou que se está pensando na cesión dunha empresa a outra, etc., etc.

Polo tanto, a análise, eu xa llo dixen o ano pasado, ten que ser cando se finalice todo o proceso, cando veña a última certificación, pero si lle podo dicir e xa darlle uns datos que non teñen que ver cos que vostede dá, non teñen que ver, e voullo dicir. Do Plan de conservación de vías provinciais vostede pode dividir 22-12, e eu podo dividir oito millóns e catro millóns douscentos corenta e nove, é dicir o 53% o que vai por sistema negociado, polo tanto, metade e metade, en obras poderán ser as que sexan, metade e metade. Dito iso, a lei fala de tres empresas, pois no 66% dos casos invitáronse sempre a máis de catro empresas, e voulle dicir, só nunha obra invitouse a tres empresas, en cinco obras a catro empresas, en once obras a cinco empresas, en tres obras a seis empresas, outra de sete e outra de oito. Polo tanto, practicamente en dous terzos sempre, non só se supera a esixencia legal, senón que se supera o número de catro empresas, polas características das empresas, evidentemente, todas, todas elas cumpren.

E vostede falaba desas baixas, e voulle dar tamén os datos de dicir que as tres cuartas partes desas obras foron adxudicadas por riba do vinte por cento de baixa, e máis do oitenta por cento destas, setenta e cinco por cento superan o trinta por cento de baixa, e soamente a cuarta parte foron adxudicadas por debaixo dese dez por cento que vostede mencionaba. Polo tanto, só por riba do 30% xa se supera o 59,09, xa veremos cando acaben as obras, pero eu voulle dicir outra cousa, vostede dicía que esta Deputación está para o servizo dos alcaldes, perdón, dos concellos, pois ben, o que si lle vou dicir que neste caso si son alcaldes, pregúntelle vostede se están tendo problemas nas obras e coas empresas adxudicatarias, se teñen precisamente máis contacto con esas empresas por ser empresas recoñecidas no sector, por ser a maioría delas empresas de ámbito ou traballo maioritariamente na provincia ou comarcas, e pregúntolle vostede se se está facendo ese traballo de forma

satisfactoria, e todos diranlle que si, polo tanto, estamos conseguindo axilizar respectando a lei os procedementos desta casa, estamos facendo e descargando, ou sacando carga de traballo, tamén a esta casa, estamos conseguindo que as obras se estean prestando a plena satisfacción dos usuarios definitivos, é dicir, dos concellos, e estamos nestes momentos sen certificacións finais, é dicir, sen ter en conta os posibles modificados ou liquidacións, xa con baixas por riba do trinta por cento, o sesenta por cento das adxudicadas. Polo tanto, creo que as vantaxes xa neste momento son evidentes para concellos e para a institución, pero cando acabe todo o procedemento serán aínda moitísimo máis evidentes as vantaxes de buscar os procedementos axeitados para determinadas obras, e iso é o que estamos facendo e creo que a institución notarao positivamente. Grazas, Sr. Presidente.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Rivas, a verdade, vostede responde porque ten que responder, e agradézollo, pero é incluso contraditorio co que di. Primeiro, a maior parte das obras que están suspendidas non é por problema nas baixas, porque baixas sempre as houbo deste nivel, e sempre se fixeron a satisfacción, e informadas favorablemente polos servizos técnicos destas casa. As obras que teñen dificultades son empresas que entran en concurso, debido á difícil situación económica que vive o país. Logo dime que esas obras se fan mal porque hai moitas baixas, e é contraditorio, porque é que nas baixas que se producen, e díxeno, polo sistema negociado sen publicidade, son en case todos os casos, menos nunha zona concreta da provincia, similares ás que se producen co procedemento aberto, e léollo: No Grupo 29, 32% de baixa, procedemento negociado sen publicidade; no Grupo 19, 31% de baixa; no Grupo 20, 30%; no Grupo 22, 33%; no grupo 23, 32%, no Grupo 21, 30%; no Grupo 25, 33%, no Grupo 31, 32%; no Grupo 26, 30%. Igual que as baixas que se producen no procedemento aberto: no Grupo 1, 33,48%; no Grupo 12, 34,05%, polo tanto, non utilice as baixas, porque isto non é razoable.

Mire, as obras fanse igual polo procedemento aberto que polo procedemento negociado, non se axilizan os prazos, o Plan de conservación está aprobado dende xaneiro, é anticiparse, non se axilizan os prazos, e o que se está é conculcando algo que para nós é fundamental, que é a transparencia, porque vostede dime que invitaron a catro ou cinco, eu non sei, pedín os datos, non mos deron, pedín os datos. E hai unha cousa que me preocupa, de verdade, porque é que nunha zona da provincia, así como no resto da provincia a baixa son do 30% e superior ao 30% nunha zona da provincia, as baixas están comprendidas entre o catro, hai unha de catro, outra do catro, unha de cinco, unha de cinco, unha de catro, unha do seis por cento, e preocúpame porque é unha asintonía co que pasa no resto da provincia, qué pasa aquí? E que alguén sabe a quen invitaron e pónense de acordo e se reparten entre eles as obras?, non sei, gustaríame saber se todas as empresas que foron invitadas a estes grupos teñen unha obra, entón falaría doutra forma. Estas cousas dan pé a estas interpretacións, Sr. Ruiz, e non gaña nada a Deputación. Esta forma de proceder limita a concorrência, hai moitas empresas que non se poden presentar ás obras da Deputación, por que?, que gañamos nós impedindo que unha empresa se presente, e dende logo o que fai é que introduce zonas de opacidade nun momento en que a sociedade está demandando transparencia dos políticos e das administracións en nun momento en que se está debatendo a Lei de transparencia nas administracións públicas, e nós dende aquí, en vez de ser máis transparentes somos máis opacos. Teñen a maioría para facelo, teñen a responsabilidade de

gobierno para facelo, simplemente chamámoslle a atención porque nos preocupa, porque moitos contratistas, Sr. Rivas, e seino porque mo din a min, que hai que facer?, porque eu quero ir ás obras da Deputación pero non podo, con quen teño que falar?, non gañamos nada, ningún. Non obstante, afectamos negativamente á reputación da Deputación, e a min preocúpame, como cidadán, como político responsable, preocúpame. Póño de manifesto, vostedes teñen a maioría para facer o que crean conveniente.

Sr. Ruiz Rivas

Sr. Moreda, vostede aplica unha forma cando é concelleiro e está nun concello, e utiliza o procedemento negociado ou concurso, e aplica a lei, e cando a aplicamos os demais, claro, e a transparencia é exactamente a mesma, a transparencia é outra cosa diferente ao que vostede está falando, e polo tanto todo é un recurso legal en beneficio desta institución, os datos que lle din creo que son suficientes, pero eu dígolle unha cousa, e seguramente na Deputación pasará exactamente igual, casualidade que todas esas empresas que quedan en concurso ou liquidación son as que gañan procedementos abertos con baixas grandísimas, eu no meu concello non sei o resto de alcaldes, non tiven ningún problema de ningunha empresa que entrara en fase de concurso con outros procedementos, porque son empresas solventes, porque son empresas que fan precisamente a baixa que deben facer, e non simplemente intentan gañar ou non gañar un concurso independentemente do valor real, e seguramente igual estas empresas entran en esas fases de dificultade por facer determinadas ofertas que despois non son quen de manter. Por iso eu dígolle que agarde vostede precisamente á finalización de todo o procedemento, para ver que os datos que hoxe lle dou, que son xa evidentes de por si, son moitísimo máis evidentes ao final, obras que non van quedar embarcadas, obras que van quedar ben feitas, obras que teñen un contacto directo co que son as institucións municipais, e obras que se están desenvolvendo todas e cada unha delas con absoluta normalidade, o dato que vostede di dunha comarca, home, eu non o teño, habería que mirar especificamente iso, ver cales son os criterios polos que se produce, poden ser de moitos tipos, poden ser desde orográficos a outro tipo de cuestións, iso habería que velo, cando se fan as invitacións, evidentemente, un non sabe, entendo eu, polo procedemento, quen son o resto de empresas invitadas, polo tanto é amaño, entendo eu que é de imposible feito. Polo tanto, vólvolle repetir, volva vostede a esa senda na que eu lle teño vostede de seriedade, e deixemos para Tele 5 e eses programas de corazón, o que son os díxomedíxomes, e os chismes, que non se corresponden coa realidade, e aquí veremos e demos os datos reais do que é.

E o que é, vólvolle repetir, que o 66% están invitadas máis de cinco empresas, e que, como antes lle dicía, o 75% das obras fanse e adxudícanse por riba do vinte por cento de baixa. Polo tanto, creo que estamos facendo un bo favor á institución e, sobre todo, a quen servimos tamén, que son os concellos. Grazas. Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Rematadas as preguntas, si me gustaría dicir, Sr. Moreda, que estou un pouco molesto con ese intento pola súa parte en moitas ocasións de introducir unha dúbida acerca do que lle dixeron, do que lle comentan, porque ao final parece que é vostede o interesado en introducir esa certa sensación, como dixo vostede que nos parecíamos a non sei quen.

E di vostede que non utiliza a demagogia, home, eu estou seguro que non, pero fíxese, cando estiveron aquí os das preferentes e presentaron unha iniciativa, o que a defendeu pola parte do seu Grupo foi vostede, sendo durante moitos anos vicepresidente do Banco, sabendo, pertencendo ao Consello de Administración, e tendo responsabilidades directas. Fíxese vostede o que chegaría a pensar algún malpensado, como me dixeron a min na rúa, como di vostede que tamén lle din. Eu, dende logo, quero que saiba para a súa tranquilidade, que ningunha empresa adxudicataria das obras de conservación é distinta das que resultaban adxudicatarias cando vostede era presidente, ningunha, son as de sempre, clasificadas por zona, porque non é normal que unha empresa de Ortigueira vaia facer unha obra a Ribeira, verdade?, non, porque vaina facer moito mellor alí, por iso invítaselles alí. Polo tanto, se hai un procedemento legal e está así establecido, se vostede ten algún outro dato, tráiao, e se ten que acudir a algún outro sitio, acuda, eu ánimoo. Pero claro, esa sensación, ou esa falsa demagogia que algún fai, chega algún momento a cansar aos demais.

Eu ánimoo tamén a que aproveite agora, que rematamos pronto, é a unha e media, a preguntarlle aos alcaldes que ten do seu Grupo, detrás de vostede, que tipo de procedemento utilizan nos seus concellos, ánimoo, eu xa sei que cando vostede era concelleiro na Coruña miraba para outro lado, daquela estaba ocupado noutras cousas, pero tivo responsabilidades de goberno importante, polo tanto eu ánimoo tamén a preguntarlle ao resto dos seus compañeiros, xa que lle queda tempo, qué tipo de procedemento utilizan, por favor, fágao, porque probablemente, pese a súa experiencia, poderá ter unha información valiosa para o seu desenvolvemento.

Sr. Fernández Moreda

Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Non, xa non hai máis, xa fixo vostedes as preguntas, non, non, e tamén é bo que faga un repaso ás actas da anterior lexislatura onde vostede era presidente, cando pedía determinados documentos, e nunca os ofrecía, nós ímoslle ofrecer todos. Grazas, Sr. Moreda, non hai máis preguntas, si, perfecto, e nós ímoslle dar, o que pasa o que é curioso é que un diga o contrario ao que facía. Entón, polo tanto, vostede, igual que dixo o outro día que non cubría prazas de libre designación, cubriu vostede cando foi presidente cinco prazas polo procedemento de libre designación. Sr. Moreda, mire, grazas pola súa achega.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.